

Queixas polo recorte de profesores e ratios de alumnos no inicio do curso escolar

Houbo que esperar ata final de agosto para que a Xunta fixese públicas as normativas que se ían seguir este curso, o segundo trala covid. Unha vez consultadas por centros e sindicatos, non hai moita conformidade coas mesmas xa que os sindicatos aseguran que se volve facer un aumento de ratio de alumnos por profesor o que provoca un descenso de docentes. Os rapaces volverán ás aulas seguindo un protocolo con poucos cambios respecto ao ano pasado, co uso obrigado de máscara e de mantemento de distancia. Volverán tamén as clases burbulla e os horarios escalonados. **Pax. 4-5**

Lugo quixo ser accesible

Dende 1996 a cidade foi sometida a un plan de traballo para facilitar a mobilidade de toda a veciñanza o que trouxo xa algún premio



Lugo sempre foi un paso por diante en canto á accesibilidade respecto a outras cidades e incluso foi recoñecida pola Comisión Europea cun premio pola súa melloría ao longo dos anos. Malia todo aínda quedan algúns obstáculos e non só ao tocante dos rebaixes nas beirrarúas senón nas cuestións que afectan a outros tipos de discapacidades como a cegueira, a intelectual, os autismos... A accesibilidade é unha cuestión de todos e non só duns poucos. Nesta loita por facer un Lugo accesible volcouse Auxilia que dende 1996 empezou a falar de realizar un plan de traballo para o futuro. **Pax. 2 e 3**

cultura. Luis Iglesia será homenaxeado na Semana de Cine. **Pax. 8**

entrevista. David Prado, cantante lucense que actúa no Caudal Fest. **Pax. 9**

sociedade. Nova edición do Concurso de Tapas, que será en novembro. **Pax. 14**

infraestruturas. Licitan a pasarela do centro de saúde de San Roque. **Pax. 17**

economía. A recadación municipal baixa 4 millóns pola covid. **Pax. 12**

zona rural. Impulsan melloras da seguridade viaria nas parroquias. **Pax. 16**

deportes. Retorno do fútbol post-covid co inicio da liga este mes. **Pax. 28**

O Caudal Fest encherá Lugo



Celebrase do 16 ao 18 de setembro. **Pax. 8**

Un San Froilán sen casetas do polbo



A comisión non decidiu aínda se haberá barracas. **Pax. 11**

Volve a feira ao barrio da Milagrosa



Xuntará produtos do campo e artesanía. **Pax. 10**

A Deputación ten executado o 75% do plan Ilumin@

A Deputación rematou a execución de case o 75% do Plan Ilumin@, un programa dotado con 723.000€ co que a institución axuda aos concellos da provincia a aforrar custes enerxéticos. Do total do in-

vestimento, o 80% son fondos europeos que a Deputación conseguiu a través do IDAE (Instituto para a Diversificación e o Aforro da Enerxía), dependente do Ministerio de Transición Ecolóxica. **Pax. 21**

SERVICIOS JURÍDICOS INTEGRALES EN LUGO Y RIBADEO DESDE HACE MÁS DE 30 AÑOS

VA VEIGUELA ABOGADOS

RECUPERA LOS GASTOS DE FORMALIZACIÓN DE TU HIPOTECA

Gastos de Registro, gastos de empresa gestora, gastos de tasación, gastos de notaría, comisiones de apertura de hipoteca. RECUPERAMOS TU DINERO. NO DEJES QUE SE LO QUEDE EL BANCO

SOLO COBRAMOS SI TÚ COBRAS

1ª CONSULTA GRATUITA
Llámanos: **982 228 606**

Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo. **982 228 606**
veiguelabogados veiguela abogados

A FONDO

Unha loita pola accesibilidade

Lugo é unha das cidades exemplo en adaptación para persoas con mobilidade reducida, unha tarefa que comezou en 1996

Unha cidade accesible é aquela que permite que todas as persoas poidan gozar en igualdade dos espazos urbanos e das instalacións públicas, facéndoo ademais coa máxima autonomía. Para iso, é preciso que exista unha clara eliminación de barreiras arquitectónicas, así como unha boa accesibilidade comunicativa, cognitiva, etc.

Lugo, neste caso, é unha cidade valorada positivamente neste senso, que continúa traballando a través de asociacións coma Auxilia para mellorar e facilitar a vida dos veciños e veciñas que a habitan.

Auxilia leva traballando pola accesibilidade de Lugo dende practicamente a súa creación -preto de 50 anos-. Dende a entidade sinalan que nun primeiro momento, o traballo que se realizou foi facer visible o feito de que había persoas con discapacidade na rúa xa que naquel momento non era visible. "A xente ocultaba aos seus familiares e realmente, non saían porque non podían moverse por ningún lado", concreta Aquilino González, membro de Auxilia.

Por esta razón, o traballo iniciouse cun proceso de concienciación. A partir de aí, como explica Aquilino, "continuamos ese traballo sobre un terreo xa trillado no que había que seguir insistindo e reivindicando. Iso é o que estamos a facer na actualidade".

Dende Auxilia consideran que estes últimos anos se levaron a cabo moitos avances en canto a accesibilidade da cidade, sen embargo, tamén son conscientes de que existen lagoas e

aspectos pendentes que terán que ir mellorándose pouco a pouco. Desta maneira, hai que lembrar que Lugo sempre foi un paso por diante neste aspecto en relación a outras cidades e incluso foi recoñecida pola Comisión Europea nos seus notorios premios de accesibilidade Access City Award como Cidade intelixente.

“Un dos plans que axuda para esta cuestión son as obras de peonalización, nas que se conseguen máis rúas accesibles na cidade”

EVOLUCIÓN. Fernanda Arrojo, membro de Auxilia durante moitos anos, destaca o papel que tivo a asociación na accesibilidade de Lugo e sinala que loitou dende un primeiro momento para que Lugo se convertera nunha cidade accesible. Sen embargo, este traballo, segundo sinala Fernanda, non é un traballo duns días ou dun par de anos, senón que se trata dun percorrido constante durante moitos anos para que a cidade chegara ao punto no que se atopa actualmente.

Por iso, Arrojo defende que poñer parches por diferentes partes da cidade era unha cuestión insuficiente, polo que este plan de accesibili-



Arriba, a rampla da praza da Constitución e os concelleiros facendo unha simulación de invidencia

de tiña que ser dende un primeiro momento un plan xeral e, unha das vías para facelo, era desenvolvendo unha ordenanza municipal de accesibilidade.

Xa no ano 1996, comezouse a elaborar dita ordenanza. Xunto a iso e cun carácter importante, chegou a

declaración dun gabinete de ordenanza municipal formado por concelleiros de urbanismo, técnicos do Concello, representantes de condutores, representantes da oposición política e representantes do colectivo de discapacidade, entre outros. Foi cando esta representación caeu

baixo representantes de Auxilia.

Con Joaquín García Díez como alcalde, desenvolveuse e aprobouse a ordenanza municipal. Tempo despois, no ámbito autonómico, chegou en 1997 a primeira lei autonómica de accesibilidade -sen embargo non se executa ata o ano 2000 o regulamento para desenvolvela-. Coas dúas leis de accesibilidade, en Auxilia tiveron en conta análizas e poñelas en concordancia -no caso das medidas, dos ángulos de pendente, etc-.

Chegado o ano 1999, reuniuse por primeira vez o Gabinete de Accesibilidade Municipal, possto en marcha pola concelleira Blanca Rodríguez Pazos e que se comezará a xuntar de vez en cando ata que, no 2005 aproximadamente, se elabora un regulamento do gabinete no que se esixe que se rexa cada tres meses para vixiar e levar a cabo un seguimento do cumprimento da ordenanza.

Sen embargo e, a pesar da evolución, hai que ter en conta tamén as crises. A primeira, a crise económica de 2008 paralizou todo e segundo Auxilia, tardouse en recuperar: "volvemos traballar pero non ao ritmo de antes, hai que ser conscientes diso. Non se inviste coma antes xa que a crise tamén pasou pola accesibilidade, sen embargo, en liñas xerais, continúaase cun bo traballo na cidade".

Ademais, outro aspecto que hai que valorar é o feito de que Auxilia conta con menos persoas na asociación, polo que hai menos posibilidades de facer estudos e outros traballos.

PROMEDISA® SUMINISTROS MÉDICOS



AYUDAS TÉCNICAS • ORTOPEEDIA



tienda@promedisa.com

@PromedisaLugo

Promedisa Ortopedia

- AYUDAS PARA LA VIDA DIARIA
- DESCANSO
- ASEO DIARIO
- MOVILIDAD
- GRÚAS
- EMERGENCIAS
- DIAGNÓSTICO





COMPRAR ONLINE

www.promedisa.com

AVENIDA DE LA CORUÑA, 104 BAJO - LUGO T. 982 245 715

AVDA. TERRA CHÁ, 50 BAJO - CASTRO RIBERAS DE LEA T. 982 310 374

MEDIDAS. Por outra banda, Aquilino González sinala as medidas e os procesos que se deben continuar cumprindo para que o avance da accesibilidade non se estanque. Desta maneira, considera que hai que seguir facendo fincapé na accesibilidade cada ano “hai que ter as cousas claras, facer plans de rúas e, sobre todo, que exista colaboración entre nós, que nos atopamos no gabinete, e os técnicos municipais”. Así pois, dende Auxilia consideran que hai zonas onde hai máis traballo e expoñen todos os anos algunhas rúas nas que se teñen que eliminar obstáculos “sobre todo, queda moito traballo pendente na zona norte da cidade, onde se xuntan moitas cuestións que dificultan a accesibilidade, como é a tipoloxía das rúas”.

Ademais, Aquilino considera que hai moitas beirarrúas estreitas que se fan máis complexas. Un exemplo disto é a avenida da Coruña que, a pesar de ter moitos rebaixes practicables, teñen que mellorarse e axustarse á normativa vixente para todas as persoas.

ACCESIBILIDADE PRIVADA. Dende Auxilia sinalan o avance que se produciu en canto á accesibilidade privada, xa que hai unha normativa que hai que cumprir. Sen embargo, hai que ter en conta que existen zonas no casco histórico nas que non se pode actuar. De feito, moitos edificios son de renda antiga, e dicir, son casas protexidas polo que é moi complicado actuar nelas. “Un golpe de efecto na accesibilidade vai ser cando, por exemplo, se superen en termos liberais de protección, xa que na actualidade todo o que se fai no centro histórico está suxeito por pinzas. O plan de protección está aí e, guste ou non, hai que suxeitarse a el”.

No caso da accesibilidade pública, case todo o público é accesible. De feito, un dos plans que axuda para esta cuestión son as obras de peonalización, nas que se conseguen



Rampla de acceso e prazas reservadas no edificio da Tesourería Xeral da Seguridade Social

máis rúas accesibles na cidade. Sen embargo, Aquilino González lembra que hai que continuar traballando en todos os barrios e esas zonas que quedan pendentes e, de feito, sinala a avenida da Coruña como a primeira zona que hai que limpar de obstáculos: “é unha das principais vías da cidade que dá lugar a outras rúas, polo que nela, circula moita xente. Todos os cruces e todas as rúas que, de todas formas son practicables e pódese pasar por eles, na gran maioría, non van a estar normativizados”.

Ademais, hai que valorar as actuacións de accesibilidade que están a realizar: ascensores, peonalización... “todo o que sexa comerlle terreo a sitios raros e a beirarrúas é bo, iso está claro”.

En relación á cidade, tamén hai que mencionar que Lugo mellorou moitísimo ao longo dos anos. Ademais, como comenta Aquilino, hai que ter en conta moitos aspectos entre os que destaca a propia topografía da cidade. Lugo é unha cidade de costas e é complicada -a excepción da parte central e do inicio da zona norte-. “Hai moitas veces que a accesibilidade é invalidada pola beira-

rrúa da propia vía, polo que actuar nesta cidade é máis complexo que facelo noutras máis chá. Sen embargo, este aspecto tampouco é unha xustificación para que non esten os rebaixes feitos”.

“Lugo sempre foi un paso por diante en accesibilidade e incluso foi recoñecida nos premios Access City Award como Cidade intelixente”

LUGO COMA CIDADE ACCESIBLE.

Hai moitas cuestións que afectan ao tema da accesibilidade e non é só cuestión duns poucos.

Por esta razón, Fernanda Arrojo, sinala tres motivos principais para que Lugo sexa unha cidade accesible. Comezando, en primeiro lugar pola vontade dos representantes políticos de levar a cabo as diferentes iniciativas: “na primeira candidatura de Orozco, sentamos aos representan-

tes dos partidos políticos en cadeiras de rodas para facer un percorrido pola cidade e viron en carne propia as barreiras que existían na cidade. Foi un feito moi importante. Ao final, é fundamental a actitude do alcalde de quenda e do seu equipo”.

A segunda vontade, segundo indica Arrojo é o movemento educativo. Este é un aspecto importante que se atopa presente na cidade, a través de traballos de concienciación e de discriminación que non se levan a cabo noutras cidades.

Finalmente, a terceira vontade é a sociedade que está “máis ou menos” concienciada no tema. De feito, nesta cuestión tamén repara Aquilino quen defende que socialmente si que existe concienciación pero que, sen embargo, sempre se pode facer máis.

Neste senso pódense indicar varios problemas que continúan a día de hoxe, como pode ser o das prazas de aparcadoiros. Na cidade de Lugo, en moitas ocasións, empréganse de maneira irregular os aparcadoiros e dende Auxilia, defenden nesta cuestión o control do emprego das tarxetas para aparcadoiros sinalizados. A isto tamén se pode sumar os

problemas en moitas comunidades de propietarios “ás veces costa concienciar a algún veciño da comunidade para instalar unha rampla nun portal ou para poñer un ascensor”. Así mesmo, dende Auxilia recordan que hai que ser conscientes do traballo que aínda queda por facer, sen embargo, tamén hai que ser consciente do traballo que xa se fixo. “Hai que valorar todo. O que nunca se pode facer é opinar sen valorar o feito e o traballo que custou. Sen deixar de ser ambiciosos pero tendo os pés no chan”.

Ademais, hai que ter en conta a complexidade deste tipo de proxectos nos que non se poden barrer todos os problemas de accesibilidade de golpe. E, de feito, tamén hai que sinalar que a accesibilidade é unha cuestión moi ampla “ti podes solucionar a accesibilidade para persoas con discapacidade física, que son os máis visibles; pero ademais, tamén se atopan os cegos, os intelectuais, os autistas... todo o mundo ten problemas de accesibilidade e de mobilidade”, sinala González.

Por outra beira, un aspecto que se destaca dende Auxilia é o feito de que as partidas de accesibilidade na actualidade sexan transversais a calquera actividade do Concello “conseguir que a accesibilidade se contemple de forma transversal ás distintas concellerías é un aspecto moi importante. Ao final, o que se busca é que exista accesibilidade, integración, mobilidade... e en iso non está soamente Auxilia, senón que están todos os colectivos das diferentes discapacidades traballando por ela”.

Un traballo que se continúa reivindicando e no que se segue dando visibilidade aos diferentes problemas que existen. De feito, hai que ter en conta a evolución que se levou a cabo e que comezou nun proceso de concienciación de políticos e de sociedade en xeral, para que se puidera comezar o proceso de cambio na cidade de Lugo.



CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

20 Años a tu lado

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874
Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993
www.clinicadentaltest.es / dentaltest@yahoo.es

Parking gratuito

Unha discutida volta ás aulas

Educación presentou un avance do novo plan para este curso, moi criticado por incrementar as ratios e reducir profesorado de novo

Chegado o mes de setembro, os colexios comezan a súa actividade despois da experiencia adquirida o curso académico pasado e, segundo a Xunta, con máis seguridade grazas ao avance da vacinación. De feito, o alumnado maior de 12 anos terá a pauta de vacinación completa na semana do 13 ao 19 de setembro que,

Xunta é o feito de que non se estean dando axudas necesarias para facer fronte aos custos que a pandemia supón para as comunidades autónomas. A contratación de docentes, así coma o reforzo do servizo de limpeza son algúns dos exemplos que poñen dende a Xunta e que supón un sobre custo importante.

de reforzo a través do Plan Recupera e, de feito, afirman que o persoal laboral destinado ao desenvolvemento de dito plan son máis ca o ano pasado. Continúan explicando que dende o Ministerio de Educación e FP diminuíron a axuda para o programa PROA -Plan de Reforzo, Orientación e Apoio-, e que, sen embargo, engadíranse os docentes que sexan precisos para o cumprimento das medidas sanitarias.

O obxectivo de este programa, segundo a Xunta, é detectar as necesidades de aprendizaxe xeradas a partir da pandemia, así coma mellorar o rendemento académico a través de recursos didácticos pedagóxicos para o traballo docente.

Ademais, recordaron que os centros educativos puideron solicitar dito plan a través dunha convocatoria realizada no mes de xuño. Por esta razón, no mes de setembro resolverase para que os 1.250 docentes poidan incorporarse aos centros educativos.

REFORZO EDUCATIVO

Sen embargo, moitas das cuestións reflexadas pola Xunta non se comparten dende o BNG de Galicia. Así pois, consideran necesario reforzar o sistema educativo e consideran que os recortes da ensinanza pública corresponden a unha "decisión ideolóxica" do Goberno do PP da Xunta. Así mesmo, defenderon que este curso estará marcado pola pandemia, polo que consideran necesaria



a contratación de mil docentes máis ca o ano pasado. Ademais, sinalan que é preciso reducir as ratios a 20 escolares en infantil e primaria e a 25 en secundaria.

De feito, estas son medidas que esixiron despois de denunciar que o PP "pretende recortar máis de 1.600 profesores e profesoras no ensino público como confirma o DOG e a propia Xunta de Galiza. En Secundaria, a falta da publicación definitiva do CADP -Concurso de adjudicación de destinos provisionais-, sabemos que a inspección e as xefaturas territoriais xa comunicaron aos centros a perda dun total de 435 profesores a respecto do curso pasado".

Ademais, lembrouse o peche de centros de ensino públicos dende o ano

2009 -138 en total-. Por esta razón, o BNG lamenta o incremento de financiamento de ensino privado e recorre na educación pública.

Por outra beira, o concelleiro de Educación e Difusión do Coñecemento no Concello de Lugo, Felipe Rivas, sinalou que é preciso a publicación dos protocolos sanitarios definitivos para este inicio de curso xa que son precisos para coñecer a situación das actividades extraescolares, así coma do comedor e de outras cuestións. De feito, segundo Rivas, o ano pasado vivíuse unha situación "de cambios de protocolo na semana anterior ao inicio do curso. Un ano despois vemos como a Xunta segue improvisando o inicio de curso".



xunto ao profesorado xa inmunizado, iniciarán un novo ano escolar. Dende a Xunta sinalouse que será preciso revisar as diferentes medidas impostas dependendo da evolución da vacinación e do avance da situación sanitaria.

Así mesmo, tamén se sinalou que os membros afectados pola covid no curso pasado foi dun 3,7% do total de integrantes da comunidade educativa, por debaixo do conxunto da poboación galega.

Considérase, por esta razón, que o protocolo e que os sistemas de prevención foron efectivos e lograron que o curso avanzara correctamente. Sen embargo, algo que denuncia a

Por outro lado, hai que lembrar que neste novo curso educativo continuará en funcionamento o Comité Educativo, no que se atopan membros e expertos da comunidade escolar que avalían e toman decisións sobre aspectos educativos relacionados coa ensinanza no marco da pandemia. A pesar disto, as ratios e as distancias de seguridade son cuestións postas polo Goberno central e, segundo defende a Xunta, Galicia -xunto con Extremadura- ten a mellor ratio alumno/profesor de España -9,2 fronte ao 11,3 que existe de media estatal-.

En canto aos docentes, dende a Xunta anunciaron que chegarán 1.250

As esixencias dos sindicatos

Non faltan as vozes que poñen en dúbida as novas medidas da Xunta para o curso que comeza.

COMISIÓNS OBRERAS

Así pois, a Federación do Ensino de CCOO de Galicia considera un erro o "relaxamento" das medidas covid nas aulas da comunidade. De feito, dende o sindicato denuncian que "é un corta e pega do protocolo do 4 de novembro do ano pasado, pero empeorado".

Un dos cambios é o da distancia social, algo que non defenden xa que o consideran coma unha forma de aumentar ratios, diminuír o emprego e aumentar a inseguridade nas aulas e, de feito, enténdeno coma un "criterio economicista".

Desta forma, sinalan que é preciso a contratación de máis persoal docente xa que o ano pasado foi "insuficiente, especialmente en infantil

e primaria". Ademais, reclaman un maior número de persoal de limpeza para reforzar a seguridade e conseguir unha ensinanza segura e de calidade.

CIG ENSINO

Outro dos sindicatos que deu a coñecer a súa posición en relación a estas medidas de prevención no ámbito da ensinanza foi a CIG Ensino que defende que, despois de coñecer a situación e da experiencia do ano pasado, "estas decisións non responden a criterios científicos".

Así pois, consideran que a redución de distancia social é un problema xa que os casos aínda son altos e, sobre todo, na mocidade. De feito, a CIG Ensino e CCOO concordan en que reducir o distanciamento é unha forma de aumentar o aforro nas aulas e, desta maneira, reducir o profesorado e con el, o investi-

mento en educación. Cualifican de "falacia a afirmación do concelleiro de Educación de que as aulas galegas teñen as ratios máis baixas do Estado". Ademais, critican "ese xogo de trileiros de usar ratios medias sen ter en conta a dispersión xeográfica e a alta incidencia de centros educativos no rural".

Por outra beira, consideran que o que se debe de facer en infantil e en primaria é "limitar ao máximo as ratios e, como mínimo, manter todos os desdobres autorizados no curso pasado, así como as contratacións de profesorado e apoio necesario". Desta maneira tamén denuncian que coa pandemia é unha agresión ao ensino público ter que pechar aulas e reducir docentes.

Animan á comunidade educativa a denunciar os recortes que se están a producir e a esixir o mantemento dos cadros docentes en todas as etapas educativas, así coma non superar as ratios do curso pasado.

DISTRIBUIDOR AUTORIZADO
MÁSMÓV!L
NEGOCIOS

VALIREY LUGO S.L.
Oscar Valiño Pin

Ronda das Fontiñas Nº 215 Bajo - 27002 Lugo

628 126 720 - info@valireylugo.com

¡SE NECESITAN COMERCIALES!

Medidas para o curso escolar 2021/2022

Os colexios de infantil e primaria en Galicia continuarán co protocolo anticovid que se centrará en varios puntos fundamentalmente.

En primeiro lugar, as máscaras continúan sendo obrigatorias en todo momento a excepción do momento da merenda, na que os alumnos e alumnas poderán sacala para comer. Así mesmo, deberán de levar unha máscara de repostos.


En canto á distancia persoal, os nenos e nenas de infantil e de primeiro a cuarto de primaria non contarán con ela debido a que se dividirán en grupos burbulla, nos cales non se poderán mesturar con outros. Ademais, non haberá máis de 25 alumnos e alumnas por aula. No caso de quinto, sexto de primaria e secundaria é diferente e existe variación en relación ao ano pasado e, neste caso, si que ten que existir distancia persoal. Esta baixará de 1,5 a 1,2 metros polo que o alumnado dentro da aula aumentará sen poder superar os 30 alumnos.

Así mesmo, será fundamental a ventilación antes da chegada dos estudantes e despois durante 15 minutos, priorizando sempre a ventilación natural. Tamén seguirá sendo preciso hixienizar frecuentemente as mans -no caso dos menores de 6 anos será preferible que esta práctica se realice con auga e xabón, mentres que no resto de casos terán que realizalo con xel que deberán levar da casa-.

A presencialidade será máxima para todos os niveis e etapas. Tan só se podería pasar a semipresencialidade no caso de que aumente o nivel sanitario no Concello e non se poidan levar a cabo as medidas sanitarias correspondentes. Ademais, esta situación só sería posible a partir de terceiro da ESO. No caso dos pais,

nais ou titores legais será prioritario a comunicación telemática -tan só no caso de que o profesorado ou o equipo directivo o considere, se poderá facer presencial-.

No caso do comedor e do transporte escolar serán servizos que se manterán e, en relación ao segundo, os asentos asignaranse fixos para todo o curso escolar. Por outra beira, outra diferenza en canto ao ano anterior é a posibilidade de compartir obxectos sempre e cando se limpen despois de cada uso.



A entrada e a saída do alumnado realizarase por accesos diferentes -se é posible- e por etapas educativas para que existan as mínimas aglomeracións. No caso de que isto non se poida levar a cabo, será preciso que existan diferentes quendas. No caso do recreo, permitirase proximidade entre alumnos e alumnas de clases diferentes pero que sexan en todo momento do mesmo ano.

Por outro lado, no caso de que exista un caso sospeitoso de virus haberá que apartalo a un espazo de emprego individual. Se é un adulto e se atopa ben irase ao seu domicilio e, no caso de que se trate dun escolar, chamarase á familia e esta terá que contactar co centro de saúde ou cun teléfono de referencia.

Hai que destacar que estas medidas poden variar durante o ano académico a causa da situación epidemiolóxica.

AS OPINIÓNS DOS CENTROS

Nos centros educativos a situación segue a preocupar porque os centros aínda non teñen claro como haberá que desenvolver o curso que da comezo. As normas da Xunta, igual que o ano pasado non son moi claras e moitos centros están pendentes aínda de desenvolver unha normativa que se corresponda co centro.

COLEXIO GALÉN

“Con ilusión”, así ven dende o Colexio Galén o inicio do curso escolar “por unha parte por recibir ao noso alumnado, e sen a incertidumbre do pasado curso, por outra parte con certa preocupación por asumir a volta ao cole con índices de contaxio alto nunha poboación, maioritariamente sen vacina”. O centro afirma que continuará coas mesmas medidas do ano anterior, reducindo levemente, como marcan os protocolos, a distancia de seguridade dentro das aulas.” Ademais continuaremos a traballar na interiorización do noso protocolo covid para normalizar a situación no centro, intentando constantemente que altere o menos posible as relacións e convivencia entre o noso alumnado”.

Como subliñan no centro, “contamos con amplas instalacións e un entorno natural privilexiado que nos permite facer actividades no exterior polo que non consideran necesario tomar outras medidas.

“A nosa ratio sempre foi baixa, dado que os nosos grupos son reducidos, ademais este ano introducimos novas metodolóxicas como a codocencia ou docencia compartida”, engaden, polo que aseguran que non fará falta reforzar o profesorado. “A baixa ratio nos permite cubrir co persoal as necesidades de atención ao noso alumnado”, din. Volverán tamén a este centro as actividades ex-



traescolares, intentando manter os grupos estables dentro delas, e nas deportivas nunca mesturando categorías distintas. “Por exemplo este ano retomamos as actividades do English School, que permite ao noso alumnado prepararse para as probas de Cambridge: Ket, Pet, First, Advanced...”, avanza.

CEIP LUIS PIMENTEL

Dende o Luis Pimentel consideran que o curso “comezou demasiado cedo e en canto a organización está sendo complicado. Tendo en conta que ata o 31 todo o mundo está de vacacións legais, só temos 8 días para preparar todo porque o 9 xa empezamos. É dicir, son 8 días para organizar o colexio enteiro para que o alumnado volva ás aulas”.

No tocante ás medidas, están “bastante de acordo con elas”, aínda que “deberan baixar a ratio pero xa en curso normal e non pola covid”.

Tamén cren que “os centros teñen que adaptar ao protocolo as circunstancias do centro e, iso, neste colexio xa está feito. Contamos cun profesor por 25 alumnos que é o que marca a lei”.

Ademais consideran que sería preciso reforzar o profesorado pois “mencionouse de que ía haber máis docentes é para os centros que se acollen aos plans que ofertan profesorado. Sen embargo, non se ofertaron docentes a maiores”.

No tema das actividades extraescolares polo momento “non saben se as haberá, porque aínda se teñen que reunir os directores, hai que respectar o protocolo, a covid, etc. Ese tema aínda se está a estudar”.



Cámaras de congelación • Cámaras de conservación
• Túneles de congelación • Secaderos de jamones, embutidos e quecos • Plantas frigoríficas para industrias pesqueiras, conservas, cármicas, panaderías industriais e afines, lácteas, etc.
• Plantas frigoríficas para supermercados, hipermercados e centros comerciais
• Climatización en outros sectores industriais

Más de 50 anos de experiencia realizando el montaje y el mantenimiento de instalaciones de frío comercial, industrial, y climatización

Rúa dos Carpinteros, 27 · Pol. Ind. O Ceao. LUGO · GALICIA · ESPAÑA
frisaques@frisaques.com · Tel: (+34) 982 207 147 · www.frisaques.com

Seguen as visitas guiadas ás catas do barrio do Carme



Cata arqueolóxica no Carme

Lugo organiza para setembro novas visitas guiadas ás catas arqueolóxicas do barrio do Carme, co obxectivo de dar a coñecer o patrimonio histórico e cultural desta zona da cidade, pola que discorren, ademais, o Camiño Primitivo de Santiago e a Vía Romana XIX.

As visitas, que se celebrarán os xoves, venres e sábado, contarán con 20 prazas dispoñibles en cada quenda. Concretamente as datas

serán o 9, 10, 11, 6, 17, 18, 23, 24 e 30 de setembro e 1 de outubro ás 18.00 horas, o 25 de setembro e o 2 de outubro será ás 12.00 horas e ás 18.00 horas. Os interesados deberán formalizar a súa inscrición enviando un correo electrónico á dirección dusilugo@lugo.gal.

Os xacementos atopados corresponden con diferentes etapas históricas, estando o principal vencellado a unha edificación romana.

Crean un mural en San Roque para visibilizar a enfermidade de Dent

O Tenente Alcalde, Rubén Arroxo, xunto con Maite Ferreiro, concelleira de Cultura e integrantes da Asociación Galega da Enfermidade de Dent visitaron o mural realizado na rúa San Roque pola Asociación Galega da Enfermidade de Dent, dentro da iniciativa ART For Dent. Maite Ferreiro agradeceu ás promotoras da iniciativa que escolleran Lugo como ubicación para un mural, e afirmou que “ao mesmo tempo que colaboramos cunha iniciativa solidaria, continuamos a mellorar os espazos urbanos con arte”.

A Asociación Galega da Enfermidade de Dent foi creada por 4 familias galegas, de Lugo, Muros, Brión e Pontevedra afectadas por esta enfermidade. O proxecto Art For Dent naceu a comezos do ano 2020, e pretende abrir unha nova vía de colaboración e financiación desde Galiza para investigar a enfermidade de Dent, ademais de darlle visibilidade a esta enfermidade rara.



Novo mural fronte á capela de San Roque

A enfermidade de Dent é unha enfermidade rara de orixe xenética. Afecta ao túbulo renal, producindo distintas complicacións

que poden chegar a afectar aos osos, podendo chegar a producir raquitismo entre outras enfermidades.

O graffiti de Julio César, seleccionado coma un exemplo de arte urbana



Graffiti de Julio César feito por Diego As con motivo do Arde Lvcvs

O graffiti de Julio César, que lembra o pasado romano da cidade, foi seleccionado como unha das obras do mes de agosto pola comunidade Street Art Cities, a maior plataforma de arte urbana do mundo. A obra, elaborada por Diego As –campión de España de graffiti–, foi impulsada con motivo do Arde Lvcvs. Atópase nun muro de 20 metros de alto, na Rolda, mirando cara a Muralla. Neste senso, dende o Concello subli-

ñan que “esta distinción é un orgullo para a cidade e para os lucenses, pois significa que a obra está a dar a volta ao mundo, e polo tanto conseguimos dar a coñecer e por en valor Lugo e o noso pasado romano”. Street Art Cities é unha comunidade internacional para compartir arte urbana. Trátase dunha plataforma na que se achega información dos murais de cada cidade, onde localizalos e información de cada un deles.

O prazo de inscrición da Escola Palimoco segue aberto

A Escola Palimoco de teatro e danza de Lugo continúa co prazo de inscrición para o novo curso 2021-2022 aberto. Así pois, todas aquelas persoas interesadas poderán apuntarse ata que se completen os grupos.

Desta maneira, os grupos dependerán da idade dos participantes. En primeiro lugar, está o grupo dos Magníficos no que estarán os nenos e nenas de 3 a 5 anos. Os de 6 a 7 anos contarán co grupo Meteoro Rabudo, os de 8 a 11 serán o grupo Palimocolocoloco. O grupo Bechobichoboladanza acolle aos nenos e nenas de entre 9 e 14 anos. Polo seu lado, de 10 a 14 anos tamén haberá outro grupo, o Malala e de 15 a 18 será o grupo Palimoquiños.

Así pois, para os maiores de 18 haberá tres grupos diferentes: o laboratorio experimental -de 19 a 30 anos-, o grupo de investigación -a partir de 30 anos- e, finalmente, haberá tamén un obradoiro de arte dramática con persoas maiores de 18 anos.

Para máis información ou para consulta de horarios e dispoñibilidade pódese contactar no teléfono 649 948 266 ou no enderezo electrónico escolapalimoco@gmail.com.



Marfer

INFORMATICA

INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO
LUGO Y PROVINCIA



KYOCERA
Distribuidor Autorizado



EPSON
SOLUCIONES EMPRESAS



OKI
PREMIUM PARTNER



CRM



CONTABILIDAD



PRODUCCIÓN



EXIT ERP
SOLUCIÓN MODERNA Y FLEXIBLE



GESTIÓN



E-COMMERCE



FIDELIZACIÓN



EXIT MOBILE



EXIT SGA

C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084
www.imarfer.com - correo@imarfer.com

VPMASCARILLAS



**VUELTA
AL COLE
OFERTA**

Paquete de
10 uds. decoradas

1,50€



Descubre nuestros
NUEVOS DISEÑOS en
nuestra web y en
nuestra tienda.

**OFERTA
LANZAMIENTO**

9€

**MASCARILLAS
MODELO ARI**
Paquete 10 unidades

**Oferta válida
SEPTIEMBRE**



FABRICADAS EN GALICIA
EN SALA BLANCA PARA UNA TOTAL HIGIENE

COMPRA DIRECTAMENTE EN:
TIENDA ONLINE

www.vpmascarillas.com

TIENDA EN FÁBRICA

Avda. Benigno Rivera, 64. 27003 Lugo - 982 147 520

+ INFO: info@vpmascarillas.com

Chega ao Pazo de San Marcos unha mostra sobre o Camiño de Inverno

O vindeiro luns, día 1 de setembro, ás 19.00 horas, na sala de Exposicións do Pazo de San Marcos, terá lugar a inauguración da mostra Camiño de Inverno. De Ponferrada a Compostela, co lema de "lugares únicos, heroínas e anfitrións". Trátase dunha mostra fotográfica, integrada por medio cento de imaxes da ruta xacobeá que descorre pola Ribeira Sacra lucense, ademais de paisaxes e monumentos, que a Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da Universidade de Santiago (Alumni USC) presenta na cidade das murallas coa colaboración da Deputación de Lugo, a través da súa Rede Museística, durante o mes

de setembro no Pazo Provincial. Alumni USC asumiu o reto de plasmar nunha exposición a "realidade viva" do Camiño de Inverno, destacando o traballo das persoas que contribúen ao seu desenvolvemento, con especial atención á economía rural e social, tal como explica Ortigueira, comisario da exposición. "Este traballo de investigación supuxo retratar a cada persoa na súa ocupación ou coa que ten un vínculo especial. Todas e cada unha amosáronse receptivas a esta iniciativa, sendo conscientes de que cómpre unha maior colaboración entre as Administracións Públicas e as asociacións", dixo.

O músico británico Jordan Mackampa ofrecerá un concerto en novembro

O músico británico Jordan Mackampa ofrecerá un concerto en Lugo en novembro. Así, a súa xira Foreigner aterrará no Vello Cárcere o 21 de novembro ás 21.00 horas dentro da programación do ciclo Xacobeo Importa.

Criado en Londres, Jordan Mackampa é o sumatorio das súas raíces congoleñas e a atmosfera británica. As súas composicións, profundamente persoais, reflicten os sons e as historias das cidades nas que viviu.

A súa voz, atemporal, e as súas melodías fascinantes, demostran a súa capacidade para combinar sons aterradores e relaxantes con letras amargas e alegres e, sen dúbida, como o presente e o futuro das voces do soul.

En 2016 lanzou o seu primeiro EP: Physics, unha colección de cancións de anhelo e perda, con sons



do soul, blues e folk. A este primeiro EP seguíulle en 2017 outro máis sombrío e maduro: Tales from the Broken. O seu último traballo trátase do seu álbum debut, Foreigner, que será estreado o próximo 13 de marzo.

O Caudal Fest 2021 celebrarase do 16 ao 18 de setembro

O Caudal Fest regresa en setembro ao Pazo de Feiras e Congressos, cun formato diferente de mesas e sillas, aforo para 2.500 persoas, nun recinto como ben sabedes con moita capacidade, pero a finalidade é a de garantir a máxima seguridade ao mesmo tempo que revitalizar os sectores cultural, hostaleiro e de ocio achegando á nosa cidade actuacións de grandes artistas do panorama internacional, nacional e galego" así o anunciaba a alcaldesa de Lugo este venres.

O Concello volve apostar por esta cita cultural, xa de referencia en Galicia, para que Lugo se sitúe no mapa dos festivais urbanos e para impulsar unha festividade vinculada co desenvolvemento sostible do medio ambiente. Como novidade nesta edición marcada pola Covid-19, os asistentes dispoñerán dunha aplicación móbil para pedir nas barras do festival desde o asento co obxectivo de evitar as colas. Todo o recinto contará, ademais, con dispensadores de xel hidroalcohólico, tanto en zonas de público como en zonas de traballo. Entre as medidas articuladas destacan, ademais, o uso obrigatorio de máscaras, entradas nominativas, circulación organizada



e sinalizada en todo o recinto, carrís separados de acceso e saída, control da distancia de seguridade, instalacións de puntos de desinfección de mans, amplos espazos para garantir distanciamento social, asistentes para a organización do público e desinfección continua de sillas, mesas, barras, baños e zonas de traballadores e público.

Durante os días 16, 17 e 18 de setembro, o Caudal Fest ofrecerá a posibilidade de gozar dun cartel que conta con Love of Lesbian, unha das bandas máis importantes que andan a xirar este ano, presentando o seu último traballo "V.E.H.N. (Viaje épico

hacia la nada)"; a increíble Nathy Peluso, unha das artistas do momento; La M.O.D.A., que tralo seu último paso polo festival, namoráronse de Lugo e non dubidaron en voltar; Bad Gyal, a reina do dancehall, que por fin estará connosco no festival; Iván Ferreiro, co seu concerto especial de longa duración da xira Cuentos y Canciones (2004-2021); Sen Senra, o artista galego con máis proxección do momento, con dos poucos concertos deste verán; os vascos Shinova; o gran Kutxi Romero de Marea; os festeiros Ladilla Rusa e o local David Prado representando a música lucense.

O riotortense Luis Iglesia será homenaxeado na Semana de Cine

A XLIII Semana de Cine de Lugo homenaxeará ao actor riotortense, Luis Iglesia Besteiro, xa que este ano o grupo Fotográfico Fomiñá vai publicar un libro homenaxe a Luis Iglesia, obra de Manuel Curiel, director da Semana. Así, o nome do homenaxeado figurará nunha placa no Paseo do Cine de Lugo sita no Parque de Frigsa, no que xa teñen placa Luis Tosar, Antonio Mourelos, Prudencia Griffell e Carmen Correa. Asi-



O riotortense Luis Iglesia

mesmo neste paseo se incluírá unha placa que lembre a figura de Frank Braña, o actor que máis veces morreu no cine español, e que participou na homenaxe que se lle rendeu na Semana de Cine do ano 2007.

Habitualmente, en cada Semana de Cine vense honrando a destacados lucenses e galegos do cine. A XLIII Semana de Cine de Lugo celebrarase na capital lucense do 20 ao 25 deste mes de setembro.

GANCEDO ASESORES

Asesoramiento integral de empresas y particulares

Fiscal-Laboral-Contable

Avda. Madrid 46, Entresuelo C - 27002 Lugo

Tel: 982813105

Seguen os concertos de Muralleando

Segue a programación de Muralleando 2021, que contará en setembro con dous concertos.

O venres 10 actuarán Lacón con Grellos Blues Band, e o sábado 11 Tango en Xaneiro. Desta maneira, a praza da Soidade acollerá ás bandas galegas que conta cun amplo percorrido. Os concertos celebraranse ás 20.30 e a entrada é de balde. O programa ten como obxectivo animar con música os paseos ao redor da Ronda.

“É increíble subir ao escenario e ver á xente gozar dos meus concertos”

David Prado, cantante lucense que actúa no Caudal Fest este mes

David Prado é un artista lucense que actuará proximamente no festival Caudal Fest de Lugo. Repasamos con el algún dos aspectos que máis lle apaixonan da música, así coma os proxectos de futuro cos que conta.

Canto tempo leva no mundo da música?

Comecei aos 8 anos tocando a guitarra. Despois, aos 16 anos empecei a compoñer e a facer as miñas cancións.

Por que xurdiu o interese nela?

Foi un pouco de casualidade. Nun primeiro momento, inicié no mundo da música por miña nai; eu era un rapaz activo e buscaba un entretemento para min. Despois, a partir dos 16 anos foi cando empecei a escribir e foi de casualidade. Todo adolescente ten inquietudes e, dependendo da persoa, tiran para un lado ou para outro e, no meu caso, como sempre me gustou a música e tiña unha guitarra a man, decidín tirar por aí.

Como ve vivir da música? É un ámbito complicado?

Agora mesmo si. Eu, por exemplo, estou complementando con varias cousas, a maioría, proxectos artísticos. Ao final vivir do escenario é moi complicado polo que se intenta complementar con outros proxectos.

Que proxectos artísticos fai para complementar?

Todo o que pode englobar a arte e a música. Sobre todo composicións doutra serie de producións coma anuncios ou incluso colaborando na produción de eventos ou noutro tipo de cuestións.

La edad de oro del pop español e Amistades Peligrosas

O 11 de setembro volverá o pop español á cidade da man de La edad de oro del pop español. Este grupo está composto por coñecidos artistas como o líder e vocalista da Trampa, Pablo Perea; o gañador da primeira edición de La Voz, Rafa Blas; a finalista de Tu cara no me suena todavía, Patricia Aguilar, e o Alberto Comesaña de Amistades Peligrosas. Será un concerto que dará comezo ás 21.00 horas no Club Fluvial de Lugo e para asistir será necesario recoller as entradas nas oficinas do club en horario de atención ao público. Para máis información haberá que chamar ao 982 221 167 ou ao correo fluvial@clubfluviallugo.com.

Cales foron as súas influencias a nivel musical?

Sempre digo que a maior referencia para min foi o pop que había fai uns anos, con artistas coma Antonio Veiga, Antonio Flores, Enrique Urquijo; iso en relación a uns anos atrás. Agora si que escoito máis tipos de música e considero que, ao final, hai



que influenciarse por un montón de estilos diferentes. En ámbito nacional, actualmente, tamén tiro moito por Quique González, entre outros.

Que é o que máis lle gusta da música?

Sen ningunha dúbida, tocar nun escenario. Ao final actuar diante da xente, expoñer as túas propias cancións e que teñas esa sorte de que as escoiten e de poder ensinalas é o que máis me gusta. É dicir, que non se queden só para min. É increíble subir a un escenario e poder ver a xente gozar dos meus concertos.

Un dos procesos para realizar unha canción é escribirla, é algo que lle resulta complicado?

Non. Ao final creo que todo o mundo ten unha maneira ou outra de sacar para fóra o que leva dentro e a miña maneira é escribindo as miñas propias experiencias ou cousas que pasan na sociedade ou no día a día. Diferentes inquietudes vaia. Por iso, as miñas cancións son todo cousas que pasan no día a día e non me resulta difícil.

Hai algo en particular no que se inspire?

As miñas cancións son, na súa maior parte, de amor porque considero que é algo que se atopa en todo, xa non solo nun ámbito de parella, senón na familia, nos amigos ou na propia sociedade. Por iso, un porcentaxe moi elevado das miñas cancións son de amor e de desamor. De feito, moitas veces hai cancións que a xente as interpreta como se fora unha parella cando é algo totalmente diferente, só que eu o englobo nunha historia de amor. É tamén como a persoa interprete esa canción.

Vai a actuar no Caudal Fest proximamente, que significado ten esta actuación?

A verdade é moi ilusionante. Xa estiven na primeira edición que houbo e nesta, cando me chamaron, fíxome un montón de ilusión, sobre todo polo momento que estamos pasando. Ademais, compartir cartel con artistas coma Iván Ferreiro e Love of Lesbian é increíble porque son grupos que escoitas e levas admirando toda a súa carreira. Poder compartilo é increíble. Por outro lado, poder tocar



David Prado, nun dos seus concertos en Lugo. Foto de Jairo López

e actuar na miña cidade cun público espectacular, cunha organización e cunha produción moi boa, é algo impresionante. Ao final é o que queremos a maioría de artistas, poder actuar nun sitio no cal as condicións sexan óptimas e isto é algo que se dá no Caudal Fest.

Cal foi o concerto máis especial que fixo?

O concerto máis especial penso que foi a presentación do anterior disco, xa que tocas no auditorio Gustavo Freire ante 700 persoas, cancións que nacen no salón da túa casa. Foi un concerto no que me sentín moi apoiado e, para min, foi todo un logro tocar diante da miña xente nun auditorio ao que fun dende que era un cativo. Ademais, hai concertos que non te esperas que sexan tan especiais e despois crease un ambiente fascinante. O outro día, por exemplo, en Chantada non pensei que podería chegar ao punto ao que chegou, foi un concerto realmente increíble.

Ten algún sitio onde lle gustaría actuar e que aínda non o fixera?

Encantárame actuar no auditorio novo de Lugo, no Fuxan os Ventos.

Oxalá chegue o momento en que se avance neste tema porque considero que temos aí un lugar espectacular e da pena velo tan parado. Polo que oxalá chegue o momento de poder presentar o seguinte disco no auditorio Fuxan os Ventos.

Que proxectos de futuro ten na actualidade?

Antes de que chegara a pandemia tiñamos pensado sacar o novo disco pero, con toda esta situación, todo o que viña parou en seco. Actualmente, levamos preparando un montón de temas para poder escoller xa que queremos sacar o novo disco en pouco tempo. Xa temos as cancións e estamos buscando darlle a forma. Ese é o proxecto no que me estou enfrascando agora.

Ten planeado algún concerto proximamente?

Hai algúns concertos para pechar. O problema é que eu, nos invernos, sempre facía concertos en salas de Madrid, Barcelona... Agora estamos pendentes das restricións e de como están as salas, xa que hai moitas delas que pecharon. Por iso estamos intentando organizar unha nova xira de acústicos a nivel nacional.

**FLORISTERÍA
ROSE FLOR**



San Roque, 173 Bajo - Lugo
982 223 504
680 453 401
ros3-flor@hotmail.com

10% DE DESCUENTO
presentando el cupón del anuncio*
* Excepto envíos fuera de Lugo



Ikigai
Centro Holístico

... Masaje • Acupuntura • Reiki ...

696 62 96 96
Av. de Madrid, 42 - Lugo

O exterior do Círculo ofrece unha mostra fotográfica



Mostra de Sara Lage

Continúa exposta a mostra fotográfica do ciclo Xanelas Abertas que nesta ocasión consiste nunha colección de imaxes nas que se pode ver o saber facer tradicional, a artesanía e a alta costura dende a súa forma máis pura da artista local Sara Lage.

A mostra está ubicada nas ventás do Círculo das Artes, na rúa Bispo Aguirre e forma parte das actividades previstas no festival de arte urbano Culturban para mostrar a obra das e dos artistas locais, que

están a ser premiados, nomeados ou apoiados polo seu talento e proxección en distintas partes do mundo.

As señas de identidade da mostra márcanas o deseño, a vangarda e o estudo dos patróns e a investigación de texturas e novas formas de bordado

A mostra está organizada pola área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua xunto co Espazo LUPA Arte, e conta coa colaboración do Círculo das Artes

Novo Encontro de Fanzines e Autoedición Vaia Vaia

Presentada a segunda edición Encontro de Fanzines e Autoedición VAIA VAIA, unha proposta cultural que terá lugar a fin de semana do 18 e 19 de setembro. Así pois, Rubén Arroxo afirmou que "VAIA VAIA é unha mostra cultural que propón explorar e descubrir o traballo artístico de particulares e asociacións de xieto participativo, colorista, amable e culturalmente aberto e activo".

"Durante dous días Lugo acollerá unha feira do fanzine e da autoedición, unha reunión pública e aberta a todas as persoas interesadas nas publicacións independentes e autoxestionadas", explicou o tenente alcalde, que engadiu "con esta iniciativa queremos abrazar o amateur e abrir as portas ás creadoras de Lugo que aínda non se



Anterior edición dun concerto paralelo ao Encontro de Fanzines

deron a coñecer ou que nunca se atreveron a participar nun evento destas características".

O punto de encontro principal de VAIA VAIA será o mercadillo de fanzines que se ubicará na conterna do Vello Cárcere. Ao mesmo tempo, organizaranse distintas

actividades para abarcar contidos que supoñan mergullarse na linguaxe da ilustración, a creación literaria, o grafismo e as artes visuais. Tamén se contará con distintas actuacións musicais para completar a programación do evento.

A Asociación de Gaiter@s Galeg@s destaca dous discos



A Asociación de Gaiter@s Galeg@s recomenda dous discos para amenizar estas xornadas de verán. Por unha beira, dende a Asociación destácase o grupo Tiruleque co seu terceiro traballo discográfico Outro que tal baila.

Dez temas de composición propia e tradicionais con arranxos do grupo compoñen este disco que nos trae a frescura e calidade musical habitual no grupo coruñés. Tiruleque naceu como banda en 2002, ano no que se reuniron cinco rapaces procedentes da música tradicional e cunhas inqvedanzas musicais compartidas.

Na actualidade, o grupo está composto por Antón Bueno (contrabaixo), Álex Fente (acordeón), Luís García (bombo con pratos, percusións e coros), Miguel Horjales (caixa, percusión, coros), Serxo Núñez (clarinete, gaita, percusións voz), Fernando Román (Saxo, clari-

nete, trompeta) e José A. Vázquez, (Gaita, saxo, percusións).

Por outra beira, dende a Asociación destacan o grupo Airiños da Freba, co disco O' de Lacón. A proposta de Airiños é unha divertida viaxe musical polas terras de Lugo, principalmente polos anos 30, 40 e 50 do século pasado, cando cuartetos, quintetos e sextetos, diversos conxuntos que xa incorporaban outros instrumentos de vento xunto coa gaita, amenizaban as nosas festas.

Con máis de 2.000 copias vendidas deste seu primeiro traballo, gravaron un vídeo-clip con Antonio Durán Morris sobre o tema *O Estraperlista*. É un tema baseado nunha canción popular da Coruña. Para eles, a palabra "freba", en contraposición á normativa "febra", identificaos coa provincia de Lugo. E, cando se aplica ás persoas, fano como sinónimo de coraxe, bravura e valentía.

Volve a Feira de produtos do campo e artesanía da Milagrosa

Xa se presentou o cartel da tradicional Feira de produtos do campo e artesanía da Milagrosa, que este ano se realizará nos días 17, 18 e 19 de setembro. A Feira, organizada pola Asociación de Veciños Comerciantes e Industriais Distrito da Milagrosa, cumpre a súa 24ª edición e traerá consigo un ambiente festivo e tradicional.

Dende a organización, recordan que para que se cumpran as medi-



das sanitarias e para gardar as distancias, os stands estarán repartidos entre a praza da Milagrosa, a rúa Divina Pastora, Camiño Real, rúa Menorca e rúa Milagrosa. Así mesmo, durante os días que se celebre a feira haberá actuacións folclóricas, con degustación de produtos da provincia de Lugo así como exhibicións de artesáns. Esta é unha das cita imprescindibles do verán na provincia de Lugo.



COMBATE MURAL DO FESTIVAL CULTURBÁN. A segunda edición do Culturban celebrado o 21 de agosto comezou co II combate de pintura mural e onde participaron 10 muralistas seleccionados segundo a súa traxectoria artística. Nesta ocasión o artista Eduardo Baamonde foi o gañador deste combate mural escollido polo xurado conformado por Xermán Álvarez, Christian Villamide e Anxo Lamelo. O segundo e o terceiro premio foron para Juan José López (Lomarti) e Isabel Seidell. Os tres gañadores recibirán premios de 1000, 700 e 300€ respectivamente.

Lugo acolle a mostra As primeiras xornalistas, elas escribiron a historia

A mostra *As primeiras xornalistas, elas escribiron a historia*, organizada pola Consellería de Emprego e Igualdade poderá visitarse desde mañá ata o vindeiro 29 de setembro na sala de exposicións da delegación territorial da Xunta en Lugo cun horario de 10.00 a 20.00 e de luns a venres.

A exposición ofrece unha viaxe pola memoria de aquelas mulleres que loitaron pola igualdade de os eidos do xornalismo e da comunicación, sendo mulleres pioneiras nos medios onde traballaron nunhas épocas onde a presenza feminina detrás da pluma, a máquina de escribir ou o micrófono dun medio de comunicación era moi escasa.

A covid deixa un raro San Froilán

Este ano non haberá casetas do polbo ao quedar deserto o concurso e a comisión non se decide aínda a que haxa barracas

A concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, informou que a licitación das casetas do polbo quedou deserta, ao pecharse o prazo de presentación sen presentarse ningunha empresa ao concurso público.

Maite Ferreiro explicou que “este 25 de agosto pechouse o prazo de licitación, e malia que aínda poden chegar ofertas presentadas en tempo e forma noutros rexistros, que tardan uns días en chegar ao Concello, non recibimos ningunha oferta para o concurso no rexistro municipal”. No caso de recibirse ofertas procedentes doutros rexistros, continuarase co procedemento de contratación do xeito habitual.

“Desde a área de Cultura traballamos para facilitar ao máximo as condicións dos pregos, para así permitir que os distintos negocios que quixesen optar a colocar casetas e os caldeiros puidesen facelo tendo a seguridade de que só pagarían segundo a cabida que tivesen en cada momento”, explicou Maite Ferreiro, que engadiu “entendemos que aa incertidume creadas polos cambios impostos constantemente pola Xunta de Galicia nas medidas para a hostalería desincentivaron que moitas empresas se presentasen a xestionar as casetas do polbo”.

A volta das casetas do polbo foi un acordo da Comisión de Festas de xullo. Maite Ferreiro explicou que “de cara ao final do verán celebraremos unha nova comisión de festas para buscar o acordo da Corporación Municipal sobre o retorno do recinto feiral do San Froilán”.



Imaxes do recinto feiral e da comisión de festas na última reunión

CALDEIROS NA RÚA. A área de Mobilidade e Infraestruturas, dirixida por Rubén Arroxo, permitirá aos distintos negocios presentar solicitudes para colocar caldeiros na rúa, do mesmo xeito que no ano 2020.

Para solicitar colocar un caldeiro, os negocios de hostalería terán que cubrir o impreso número 179, que se pode atopar na páxina web do concello e presentar a documentación requerida a tal efecto.

REUNIÓN DA COMISIÓN. Ferreiro deu conta dos avances realizados na contratación do alumeado e da produción do evento, e informou que “este ano contaremos con tres escenarios principais, situados nas prazas Horta do Seminario, Santa María e no aparcadoiro do Auditorio Municipal Gustavo Freire”.

Maite Ferreiro explicou que “contaremos tamén cos espectáculos para público familiar do San Froilán Miúdo no recinto do aparca-

Dúas xornalistas locais, protagonistas das festas

A comisión de Festas escolleu para a ofrenda a Rosalía desta edición do San Froilán a poeta, bailarina e xornalista Nieves Neira. Nieves Neira, nada en Lugo en 1983, é licenciada en xornalismo pola Universidade de Salamanca, e conta cun posgraduado en Cultura Portuguesa Contemporánea na Universidade Aberta de Lisboa.

Por outra banda, a pegoira das festas deste ano será a tamén xornalista Esther Eiros, lucense de Bretoña coñecida polo seu programa radiofónico nacional Gente Viajera. O pasado mes de xuño, a periodista foi recibiñada coa Medalla Castelao pola súa traxectoria profesional, especialista en turismo.

doiro municipal e con actividades na carpa da praza da Soidade”. A área de Cultura está xa a ultimar os pregos para activar o procedemento de contratación no menor prazo de tempo posible.

A edil explicou que “a todas as integrantes da Comisión nos gustaría que esta edición do San Froilán fose unha edición normal, pero compartimos que o importante é garantir a saúde e facer un San Froilán digno pero seguro”.

RECINTO FEIRAL. Ferreiro afirmou que “o protocolo da Xunta de Galicia require dun importante esforzo para permitir as dimensións do recinto feiral do San Froilán”, e explicou que “a proposta do goberno vendo esta situación é non habilitar este espazo nesta edición do San Froilán”. “Aceptamos a proposta da oposición e continuaremos a explorar vías para valorar a viabilidade de colocar o recinto feiral este ano”, declarou Maite Ferreiro.

Esta medida non foi moi ben

acolida entre o feirantes, que esperaban reiniciar a súa actividade tras ano e medio de parón pola pandemia.

A intención do colectivo era seguir o exemplo doutras localidades e poñer aforos nas atraccións ademais de establecer outras medidas de seguridade como entradas e saídas por diferentes lugares.

Por outra banda, os grupos municipais de Cidadáns e o Partido Popular comunicaron por escrito que abandonan a súa participación na comisión de festas deste ano e que non participarán tampouco en ningún acto institucional vinculado ás patronais. Xustifica Cidadáns a súa decisión “como consecuencia do comportamento dapresidenta da comisión, Maite Ferreiro, “quen incrementou nas últimas reunións o seu nivel de intolerancia ata incorrer en gravísimas faltas de respecto”. Pola súa banda o PP non está de acordo co decisión de eliminar o feiral nesta edición das festas.

Librería Troll

PREPARADOS, LISTOS... YA!!!

¡VUELTA AL COLE Y VUELTA AL TRABAJO!

Lo que necesitas en:

- MATERIAL ESCOLAR
- PAPELERÍA
- MATERIAL OFICINA
- LIBROS JUGUETERÍA REGALOS...
- SERVICIOS DE COPISTERÍA, REPOGRAFÍA, ESCANER,...

Síguenos en

Praza do Rei, 16 • 27002 LUGO • T./F.: 982 250 500
 info@libreriatroll.com • www.libreriatroll.com

AudioClinic
Centro Auditivo

Ofrecemos los mejores servicios y la atención más exquisita que se merece su salud auditiva

SERVICIOS: Audiometrías • Adaptación personalizada • Rehabilitación auditiva
 Mantenimiento y reparación de audífonos

PRODUCTOS: Audífonos • Protección Auditiva • Tapones de Baño • Accesorios

PROMOCIONES: Revisiones Auditivas • Promoción Audífonos

Praza Maior, 19 - 1º 27001 LUGO - 982 254 524 - audioclinic@gmail.com • www.audioclinic.es

“Desde Marfer podemos darlle o servizo a medida que necesita”

José Álvaro Martínez é o xerente e propietario de Marfer Informática

José Álvaro Martínez González é o administrador único da empresa con raíces lucenses Marfer Informática S.L. A súa vinculación co sector da informática remóntase xa a fai 37 anos, cando, motivado por un curso de informática e outro posterior do INEM saíulle a posibilidade de traballar naquel incipiente sector

Como foron os teus inicios? Ou xa desde un principio fuches autónomo?

Non, o meu primeiro traballo foi de comercial dunha empresa con sedes en Santiago, A Coruña e Lugo. Os de Lugo pasado un ano decidimos montar unha comunidade de bens, que aí é onde si podo dicir que comecei xa a miña propia actividade. Logo desá participación na CB Juan o meu socio máis eu montamos definitivamente a actual Marfer Informática S.L. en febreiro de 1998.

Como foron os inicios e a evolución de Marfer?

Pois xa iniciamos a actividade na actual ubicación, na rúa Alvedro 2 aquí en Lugo cidade. Nun principio eramos 4 persoas e a medida que medraba o traballo íamos aumentando o número de empregados ata os 11 que somos na actualidade. Por exemplo, temos 5 programadores

para dar un bo servizo as demandas actuais.

Cales son os servizos que ofertan?
Pois en Marfer adicámonos a informatizar empresas.

Estades enfocados prestación de servizos a empresas?

O 99,9% do noso mercado son empresas, e dentro deses traballos máis do 50% da actividade son labores de desenvolvemento de software (ERP) na actualidade distribuimos Glasof e Exit ERP que abarcan os campos de contabilidade, nóminas, facturación, etc. Tamén somos o servizo técnico oficial de marcas punteiras como son Oki, Kiocera, Epson e tamén de Xerox, dicir que non so somos servizo técnico senón que tamén somos comercializadores dos produtos destas marcas.

Pero entón tocades tanto unha parte de software coma outro de hardware?

Claro, nós ofertamos un servizo integral se así o desexa un profesional, levamos todo, desde a configuración dun servidor, VPN'S, ordenadores, periféricos, dominios, páxinas web. A nosa idea é axudar ao cliente en todo o que necesite, e cun só provedor de servizos a responsabilidade

é só túa, e eu prefiro que os meus clientes confíen en min e eu son o responsable de axudarlles e resolver tódolos problemas que podan xurdir. Os meus clientes saben a quen teñen que chamar cando hai unha incidencia ou cando teñen unha necesidade.

As demandas das empresas son sempre as mesmas?

Podemos dicir que son necesidades parecidas no que se refire ao servizo a prestar, que pasa, que en función do sector da empresa no que traballa temos que adaptar os software a cada actividade, unha empresa de fabricación vai necesitar unhas características técnicas específicas e unha empresa que non transforma e se dedica a comercialización a particulares pode necesitar outras diferentes. Unha das tarefas nas que creo que somos mellores e na adaptación dos software as necesidades concretas, para nós cada cliente é único. E sempre trato de ofrecerlles os mellores programas e sempre adaptado a cada negocio.

Onde sitúas o teu maior número de clientes?

En Galicia, pero sobre todo na provincia de Lugo pero tamén temos nas outras provincias. Despois en



José Álvaro Martínez González

sectores destacaría o sector da construción, por exemplo teño a maioría de almacéns de materiais teñen o software noso, no sector de asesorías temos moitos clientes. En total levamos sobre 350 empresas, e cada vez máis destas empresas maior é o número delas que confía a totalidade de servizos informáticos a nós.

E como ves as empresas lucenses e aos seus xerentes? Están xa actualizadas? Avanzamos neste sentido?

Pois estamos avanzando moito, penso que os empresarios están avanzando e están dispostos a investir. Proba dese avance é o volume de traballo que temos, nós últimos 2 anos aumentou enormemente a cantidade de proxectos a xestionar. Aínda queda moito por facer de todas formas.

E como ves o futuro dos sector? Cales van ser as necesidades das empresas?

Serán necesarias aplicacións tecnolóxicas de internet, CRM, mobilidade, B2B, por sorte xa temos esas ferramentas para cando os nosos clientes as demanden. Eu diríalle o empresario que nos traslade as súas necesidades, creo que estamos capacitados para adaptar os nosos servizos as dificultades da singularidade que poda ter o seu negocio, xa sexa por ser dun sector da fabricación ou de transformación xa sexa unha empresa de servizos ou de comercialización exclusivamente. O noso punto forte é esa capacidade de individualizar cada proxecto o que demanda o empresario. Dicirille que temos a posibilidade de facer un traballo chave en man con servizo 365 días, a nosa vocación é de servizo.

Están ao cobro os impostos de circulación e vaos

O Concello de Lugo, coincidindo coas datas establecidas no calendario fiscal, comezou a xirar o recibo do imposto de circulación. No servizo de Facenda Local figuran matriculados 72.237 vehículos que tributan 5.756.180 euros, o que o converte no segundo imposto municipal máis cuantioso, logo do IBI.

O período voluntario para proceder ao seu abono remata o 20 de outubro e a cidadanía pode informarse das bonificacións existentes que rebaixan considerablemente a cota do gravame, entre outros, aos automóbiles menos contaminantes.

As persoas propietarias de turismos híbridos ou aqueles que empreguen un combustible de baixa incidencia para o medio ambiente poden solicitar e desfrutar durante tres anos, dun desconto de até o 75%. Conxuntamente, tramítase o cobro dos 4.026 vaos da cidade, que suman un importe de 783.887 euros.

O turismo recupera datos do 2019

A concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, informou sobre o número de visitantes que chegaron a Lugo durante os primeiros meses do ano. Maite Ferreiro destacou que “o sector turístico continúa a súa recuperación e no concello de Lugo estamos preto de chegar ás cifras do 2019 en número de visitantes”.

A Oficina Municipal de Turismo atendeu nos primeiros 20 días de agosto a 7442 persoas. Durante todo o mes de agosto do ano 2019, o total de persoas atendidas na Oficina Municipal de Turismo da praza do Campo ascendeu a 10195. Maite Ferreiro explicou que “malia que descendeu o número de visitantes procedentes de outros países, o número de turistas que se achegan desde outras partes do estado aumen-



tou notablemente”. “Lugo estase posicionando como un destino estratéxico para o turismo na Galiza, un dos obxectivos das campañas turísticas que puxemos en marcha nestes anos”, afirmou a edil. Entre os visitantes que se achegaron á Oficina de Turismo durante este verán destacan os procedentes de Madrid e Cataluña, seguidos de Valencia, País Vasco e Andalucía. Francia, Portugal, Reino Unido e Alemaña son os países con máis turistas estranxeiros rexistrados nas estatísticas municipais.

A recadación municipal baixa 4 millóns pola covid

O Concello recadou en 2020 catro millóns de euros menos que no exercicio anterior. Trátase dunha diminución de ingresos derivada, fundamentalmente, da ausencia de actividade durante o Estado de Alarma e acorde ao devir da pandemia. O 2020 arroxou un saldo de 80.035.861 de euros en dereitos recoñecidos, dos que forman parte tanto os impostos directos e indirectos, como as taxas e prezos públicos, as transferencias correntes e de capital ou os ingresos patrimoniais. De todos eles, só un 13'21% quedou pendente de cobro.

Alguns dos tributos máis cuantiosos para as arcas municipais foron o IBI (22.015.869 €) ou o Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica (5.803.644 €) que supoñen o 27'51% e o 7'25%, respectivamente, da cantidade total que obtén a Administración cada anualidade” e apuntou, asemade, a máis simbólica: os 166

euros que se xiran pola venda de publicacións.

A necesidade de pechar as instalacións públicas durante varios meses e as limitacións de aforo posteriores ocasionaron, por exemplo, que os cobros de prezos públicos nas Escolas e dotacións deportivas da capital ou na Escola Municipal de Música decaesen dos 346.187 € e 67.145 € obtidos, respectivamente, en 2019 aos 192.572 € e 59.429 euros que se recadaron o pasado ano.

Tamén a taxa pola apertura de establecementos dá boa conta da baixa nos niveis de investimento en Lugo, onde pasa de 161.185 € (2019) a 105.171 € (2020) e mesmo impostos como o ICIO evidencian que o volume de obras e reformas na construción tamén se resentiu xa que dunha liquidación de 1.846.923 euros en 2019 pasamos á metade, 935.330 € en 2020 (un 49'36% menos).

A HISTORIA DA GALIZA A GOLPE DE CLICK



DO 16 DE XUÑO AO 26 DE OUTUBRO

NO MIHL



A piscina de Lugo permanecerá aberta ata o 15 de setembro



Instalacións de Frigsa

A área de Deportes manterá aberta a piscina exterior de Frigsa até o vindeiro 15 de setembro, ampliando nunha quincena o que viña sendo o seu período de funcionamento habitual.

“A gran demanda que tivo este ano e que se concreta en que máis de 8.800 persoas fixeron uso destas instalacións, até o momento, foi o que nos animou a deixala operativa até mediados do vindeiro mes para que as e os lucenses dispoñan dela como un recurso máis do lecer urbano que ofrece o Concello este verán que, climatoloxicamente falando, chegou tamén un pouco tarde”, indicou o edil Mauricio Repetto. O concelleiro responsable de área lembrou que as limitacións impostas pola pandemia restrinxiron os niveis de ocupación do recinto. “Tendo capacidade para 1.300 usuarios e usuarias, limitamos o aforo máximo simultáneo a 300 persoas (menos do

30% permitido), tratando de velar en todo momento polo cumprimento da normativa sanitaria con outras medidas como deixar fóra de uso os vestiarios e duchas interiores, ou garantindo que se respectase a distancia de seguridade”, indicou.

Repetto Morban sinalou, así mesmo, que neste 2021 se mantiveron tanto os horarios como os prezos de tempadas anteriores e, recordou que as piscinas permanecen abertas ao baño de luns a venres, de 12:00 a 21:00 horas e, de 12:00 a 20:30 horas, os sábados e os domingos.

“Igualmente as tarifas desta campaña, que seguen sendo das máis baixas de España, son de 1 euro para a mocidade até os 15 anos (10’80 € o abono de 15 baños); de 2’20 € para adultos, maiores de 16 anos, (22’30€ o custo do abono) e 11’10 € e 29’90 € o abono para pensionistas e familias, respectivamente”, referiu.

O Boxing Club Cidade de Lugo comeza este mes a tempada de adestramentos

O Boxing Club Cidade de Lugo comezou a tempada de adestramentos o 1 de setembro. O horario de clases será de luns a venres dende ás 18.00 ata ás 21.00 divididos en diferentes quendas.

O Club está homologado pola Federación Galega de Boxeo e pola Federación Española de Boxeo. Actualmente conta con equipo de competición infantil e con equipo de competición de boxeo olímpico. Imparten clases de boxeo feminino, infantil, sen contacto de competición e para discapacitados. Para participar haberá que poñer-



se en contacto nos teléfonos 639 217 959 e 660 063 838 ou no correo boxingclublugo@gmail.com.

Nova edición do Concurso de Tapas, que será en novembro

Presentouse a XVI edición do Concurso de Tapas de Lugo, que terá lugar entre o 5 e o 21 de novembro, nela participaron a concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, e o presidente da Asociación Provincial de Empresarios da Hostalería e Turismo de Lugo (APEHL), Cheché Real.

Maite Ferreiro destacou “a importancia deste concurso para a cidade e para o turismo, así como para a hostalería local especialmente neste momento de recuperación para o sector”. Pola súa banda, Cheché Real destacou “o compromiso da área de Turismo co sector da hostalería na realización deste concurso”

As inscricións ao XVI concurso



Unha tapa dunha das edicións anteriores

de tapas de Lugo estarán abertas entre o 1 e o 15 de setembro. Entre o 5 e o 21 de novembro os locais participantes ofertarán as súas tapas a todas as persoas que o desexen, que exercerán de xurado popular para escoller a tapa gañadora do concurso e

as 12 finalistas. Un xurado profesional outorgará premios entre os 12 finalistas.

Debido á situación epidemiolóxica, o concurso poderá modificarse para cumprir coas restricións sanitarias vixentes en cada momento.

Aprobadas axudas para os distintos colectivos lucenses



Unha das asociacións de recreación histórica de Lugo

A Xunta de Goberno aprobou a concesión directa das subvencións nominativas, así como a aprobación dos convenios que o Concello de Lugo mantén coas entidades que desenvolven a súa actividade no eido dos Servizos Sociais.

“Unha partida que alcanza os 270.491 euros e que resulta tan significativa como a relevancia dos proxectos que se levan a cabo ao amparo destas achegas”, salientou Olga López Racamonde.

A edil destacou a valía do traballo realizado pola asociacións locais ao que definiu como “o complemento indispensable ás prestacións públicas das diferentes administracións no que ten que ver coa atención primaria no municipio”.

Por outra banda, tamén aprobaron as bases para a concesión de axudas municipais destinadas ás

asociacións xuvenís e de recreación histórica no eido da xuventude para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral e sectorial, de difusión, recuperación e recreación histórica da cidade de Lugo as cales contan cun orzamento de 10.000 euros.

O obxecto e a finalidade da convocatoria leva unido as asociacións xuvenís ás de recreación histórica, debido ao escaso tecido asociativo xuvenil que existe actualmente na cidade e as baixas solicitudes de subvencións por parte delas, “a finalidade da concellería de Xuventude traballa no aumento de dito tecido asociativo xuvenil, para a promoción, formación, integración social, actividades de lecer e tempo libre, etc dos xovenes do municipio” destacaba Repetto, concelleiro da área.

A Deputación impulsa o máster Dirección de Persoas Paulo Fabio

A Deputación de Lugo renova o acordo coa Fundación Campus Universitario de Lugo a través do que a institución provincial achega 12.000 euros para o financiamento dos gastos derivados dunha nova edición do máster en Dirección de Persoas Paulo Fabio.

O encontro realizouse no pazo de San Marcos e participou o presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e o secretario da Fundación Campus Universitario de Lugo, Jaime Luis López Vázquez.

José Tomé sinalou que “esta axuda enmárcase no compromiso da institución provincial coa educación, porque cremos que a educación é o mellor investimento de futuro. Seguiremos na nosa liña de promover Lugo como un destino universitario”.

Este máster Paulo Fabio realízase na Escola de Relacións Laborais e trátase dunha formación para dotar ao alumnado das competencias en Dirección de Recursos Humanos, dirixida especialmente a titulados universitarios e alumnos matriculados en 3º Grado que queiran completar os seus estudos.

O ciclo, que se desenvolverá entre o vindeiro mes de outubro e maio de 2022, conta con dúas modalidades, semipresencial ou online. O prazo de matrícula estará aberto entre o 1 e o 30 de setembro e a presentación de solicitudes pode facerse na secretaría da Escola de Relacións Laborais.

Audioclinic ofrece audífonos de tamaño reducido e con Bluetooth

Audioclinic é un centro auditivo situado na céntrica Praza Maior de Lugo. Implantados en Lugo desde o ano 1998 teñen ampla experiencia como audioprotesistas e recomentan facer revisións periódicas, como mínimo de forma anual, para coñecer a nosa saúde auditiva. Así mesmo, indican que dende os seus comezos a tecnoloxía tanto para realizar as probas diagnósticas como a dos propios audífonos avanzou incríblemente. Audioclinic dispón de audífonos con tamaños moi reducidos e con tecnoloxía Bluetooth.

Tamén engade que aínda queda xente con prexuízos porque asocian os aparellos de mellora auditiva a modelos moi aparatosos, molestos e esteticamente pouco atractivos, pero para todo o seu público recomentan acoder a consulta e ver as novas solucións. Concretamente fálannos para os clientes máis esixentes dos novos modelos de audífonos Bluetooth aparellos que incorporan a última tecnoloxía e permiten ao usuario modificar moitos parámetros do aparello para adaptalo as necesi-



dades puntuais de cada ambiente. Din deles que son audífonos discretos, intelixentes, inalámbricos e que contan con excelentes capacidades de conexión.

Poden así mesmo conectarse aos dispositivos Apple ou Android dos seus usuarios así como a outros aparellos inalámbricos coma pode ser o televisor. Estes audífonos dixitais poden ser os máis adecuados para o público, pois desde unha sinxela e intuitiva aplicación instalada no móbil axustan o volu-

me ou a configuración do sonido en poucos segundos e sen tocar os audífonos.

Tamén se poden configurar para mellorar a calidade en ambientes públicos ou con ruído como en bares ou rúas, ou se hai vento que poda molestar e interferir na calidade da audición, en Audioclinic recomentan pasar polo seu centro especializado e os seus profesionais asesorarán a cada cliente da solución dixital máis axeitada as súas necesidades.

Setembro segue coas visitas ao Bosque Urbano, o pulmón verde

O mes de setembro continúa coas visitas ao Bosque Urbano, para achegar á cidadanía as singularidades do novo pulmón verde. Así as visitas guiadas, terán lugar todos os venres, sábados e domingos de setembro e serán de balde, previa preinscrición a través do enderezo electrónico lifalcaldia@lugo.gal.

Estas visitas serán desenvolvidas por guías profesionais que acompañarán ás persoas asistentes a través dos traballos no bosque urbano, repartindo as visitas en tres roteiros, dous en horario de mañá, específicos, e un completo pola tarde.

Na quenda da mañá serán ás 10.00 horas, visitando a área de frondosas, cultivos enerxéticos e o souto. E ás 11.30 será a visita á parcela de aromáticas, arboretum e humidal das Gándaras-O Ceao. Xa pola tarde ás 17.00 horas haberá un roteiro completo de dúas horas.

Haberá unhas xornadas de portas abertas que terán lugar, igualmente, todos os venres, sábados e domingos en horario de 9.30 a 19.30 horas. Tamén celebraranse obradoiros dirixidos ao público infantil, que incluírán un contacontos musical e unha visita ao bosque urbano mentres se



Unha das visitas guiadas ao bosque urbano

difunden valores medioambientais e sociais relativos ao monte e ao seu coidado.

Estes obradoiros terán lugar os vindeiros días 4, 11 e 18 de setembro baixo o título *As Aventuras no bosque de Maruxa, Xaquín e Fuco*. O horario será, na quenda da mañá, a partir das 11.00 horas e, na quenda da tarde, ás 18.00. As nenas e nenos que participen recibirán un agasallo. A inscrición debe realizarse a través do enderezo electrónico lifalcaldia@lugo.gal.

O bosque urbano alberga un arboretum con 15.000 exemplares e cultivos enerxéticos, así como 8 bosques

autóctonos galegos con 55 especies arbóreas.

“Unha ocasión perfecta na que se abre este espazo ao conxunto dos lucenses, pois a vexetación atópase en período de implantación e estanse a realizar actividades do proxecto, polo que o acceso ás parcelas limítouse ao persoal da Universidade, encargado de realizar tarefas de investigación e mantemento das diferentes especies”, explican dende a organización. A través desta iniciativa, Lugo convértese en cidade impulsora do deseño das urbes sostibles do futuro para conseguir barrios e espazos neutros en carbono.

Segue aberta a matrícula na UNED

Ata o 21 de outubro continúa aberto o prazo de matrícula na UNED para estudos de Grao, Máster e Acceso á Universidade para maiores de 25 e 45 anos. Este ano ampliouse moito a oferta de Microtítulos con respecto ao curso pasado, ofertándose un total de 12 Microtítulos de Grao e un Microtítulo de Máster [1], algúns deles aprobados recentemente no Consello de Goberno de 6 de xullo.

Así, segue poderán matricularse nos micrograos de Historia de España; Aproximación aos Estudos Ingleses: Lingua, Literatura e Cultura; Historia, Cultura e Pensamento na Idade Moderna; Historia, Cultura e Pensamento Contemporáneo Século XX; Antropoloxía Prehistórica; Estudos da Antigüidade; Estudos Medievais; Lóxica, Historia e Filosofía da Ciencia; Retos das Sociedades no Horizonte dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable; Estratexias fronte ao Cambio Climático; Lingüística Inglesa; Marketing e Estratexias Comerciais e Bioloxía Humana.



A matrícula efectuarase unicamente a través de Internet.

A UNED Sénior tamén mantén aberto o prazo de preinscrición para as materias do primeiro cuatrimestre de curso, que terá lugar do 4 de outubro de 2021 ao 20 de xaneiro de 2022.

O programa de formación Sénior UNED retoma as clases do primeiro semestre no que se impartirán 6 materias que inclúen temas actuais e estratexias de desenvolvemento persoal. As clases serán presenciais nas aulas habituais nos distintos concellos onde se imparten as clases UNED Sénior A Coruña, respectando a capacidade estipulada polas autoridades sanitarias ante a covid-19.



FEIRA DO 48. A canella do Hospital acolleu unha nova edición da tradicional Feira do 48. Houbo actuacións musicais e de baile tradicional galego, durante as dúas xornadas a cargo das diferentes formacións que forman parte do organigrama de Cantigas e Froes: Banda de Gaitas, Grupo de Baile Tradicional, Grupo de Cantareiros, Murga, Grupo de Cantareiras, Coro Galego, Cuarteto Tradicional.

**TALLERES
MULTICHAP**
CHAPA Y PINTURA

Rúa do comercio 142 - Pol. O Ceao (Lugo)
Tel. 630 009 733 - Fax. 982 817 202

“Ensinamos a música de forma que disfruten e sirva de base”

Alís Martínez, fundadora e profesora na academia de música Heiko

Cando se fundou a escola Heiko?
Heiko abriu as súas portas no mes de setembro do 2017 e naceu co obxectivo de achegar a música á xente, dende os máis pequenos ata os maiores que pensan que “xa son demasiado maiores” para empezar. Ensinamos a música de forma que disfruten e que lles sirva de base si no futuro queren adicarse profesionalmente a ela. Traballando as emocións e o que nos transmite. Tamén para todos aqueles que quedaron desencantados no conservatorio debido ás presións, procuramos que volvan atopar o que lles fixo empezar e o seu amor pola música.

Cal é o seu método lectivo?

Utilizamos a metodoloxía Musicaeduca, somos o único centro autorizado da provincia (en Galicia só hai en Pontevedra e Lugo). É a metodoloxía líder en estimulación musical temperá, con continuidade para a iniciación musical e a práctica instrumental, abarca todas as fases dun estudante.

Que aporta o ensino musical para os pequenos?

Están demostrados os numerosos beneficios que ten a música para os pequenos, dende a socialización, aprender a relacionarse cos demais, vencer a timidez e fortalecer a autoestima, a nivel emocional axuda tanto á relaxación como

a mellorar o estado de ánimo, escoitar música alegre evoca felicidade, desestrésanse tocando os instrumentos e é moi beneficioso para superar a frustración. Tamén axuda na psicomotricidade, desenvolvemento do oído, a disciplina, a paciencia e algo moi importante tamén, o esforzo, ensina que as cousas pódense conseguir si traballas nelas, puidendo facerse dunha forma divertida e coa que disfrutas.

Dende que idade se lles pode ensinar música?

Nós comencamos aos 10 meses. Está demostrado os beneficios incluso no ventre materno, polo que dende que naces pódese empezar.

Que diferencias existen entre os grupos de idade?

Nós dividimos varias etapas. De 10 meses a 4 anos é a etapa de estimulación musical, veñen acompañados dos papás e mamás ás clases, reforzando o vínculo entre eles. Traballamos con instrumentos de pequena percusión, cancións, bailes, contos e xogos. De 5 a 7 é a etapa de iniciación musical: aprenden a base teórica a través da práctica, nós ofrecemos clases grupais de teclado, violín, guitarra e percusión. Aprenden música tocando e escollan o que escollan nesta etapa despois sempre poden cam-

biar de instrumento. A partir de 7/8 anos comézase coa práctica instrumental, aquí soen ter claro que instrumento lles gusta, e aínda que poden seguir en grupo, moitos comezan as clases individuais, piano, violonchelo, batería... Centrémonos na técnica do instrumento engadindo a teoría necesaria para cada alumno. As idades non son exactas, hai nenos que fixeron toda a etapa de estimulación, e ás veces aos 5 e 6 anos xa empezan a tocar un instrumento individual. Pódese empezar en calquera idade dende cero, xa que adaptamos o contido a cada persoa.

Canto tempo lles leva aos rapaces tocar un instrumento?

O tempo é moi distinto para cada rapaz, depende do que traballe na casa e o que aproveite a clase, está claro que uns poden ter máis facilidade que outros, pero sen práctica na casa non se pode conseguir resultados, é como un deporte, hai que adestrar con regularidade. A maioría, nun mes xa está tocando diferentes obras.

Hai moitas voces que din que a música debería abranguer máis horas lectivas, que opina?

Si, sen dúbida algunha! é unha vergoña que quiten a música das aulas, hai en cursos que nin siquie-



Alís Martínez

ra teñen unha hora. Con todos os beneficios antes expostos debería esatar mais que claro, pero ademais xa en primaria e secundaria, está demostrado que axuda dentro das intelixencias múltiples, á mente lóxica-matemática e a resolución de problemas. Xunto coa disciplina de estudo que falabamos, a paciencia e a gestión da frustración.

Cantas horas de música debería facer un rapaz de media?

Non me atrevo a dicir unha media de horas, pero si que sexa algo diario, é mais importante a continuidade e o hábito. Depende do nivel no que sen encontren e os obxectivos que queren acadar. O mais importante é manter o equilibrio para que sempre siga sendo algo que lles aporta beneficio, lles gusta e disfrutan, non unha obri-

ga e unha presión, polo que mais adiante poidan deixar de tocar extasiados... unha das primeiras causas de abandono nos conservatorios. Ese é o noso principal obxectivo, que cada quen descubra a súa forma de disfrutar coa música.

Ademais de tocar instrumentos, fan algunha outra actividade na escola?

Comezamos o ano pasado con inglés con música, e está tendo moi boa acollida. Pola pandemia tivemos que frenar outras cousas que intentaremos recuperar este ano, como os talleres de halloween, navidad, entroido... e de findes soltos como ioga infantil, escritura creativa, maxia, contacontos... Para enterarse de todos poden seguirnos nas nosas redes facebook e instagram.

zona rural

Impulsan melloras da seguridade viaria nas parroquias luguesas

O Concello de Lugo impulsa novas obras de mellora nas estradas municipais do rural co fin de incrementar a seguridade viaria. Son un total de seis actuacións de aglomerado en quente, que se inclúen no Plan Único deste ano, e tres do Plan de Melloira de Camiños de acceso a Parcelas Agrícolas, que serán licitadas na Xunta de Goberno Local de mañá cun investimento de máis de 347.000 euros.

As execucións realizaranse en Camoira, Tirimol, Pedreda, estrada entre Conturiz a Cardoso, Corral de Abaixo, San Pedro de Mera, Burgo, Galego e Bascuas.

Ademais, esta semana comezarán máis actuacións, financiadas polas baixas do Plan Único 2020, en Pías,

Tirimol e Piugos, e que contan cun investimento de 60.000 euros.

O tenente de alcaldesa e edil responsable de Medio Rural, Miguel Fernández, destacou a importancia das actuacións, “que non só benefician aos residentes destas parroquias e que desenvolvemos despois de escoitar as necesidades que nos trasladada a veciñanza, coa que estamos en permanente contacto, senón que reverterá en beneficio de todo o tráfico rodado destas zonas”.

Así mesmo, o concelleiro lembrou que “no que levamos de mandato, desde o Goberno de Lara Méndez levamos investido no rural preto de 3 millóns de euros, territorio que supón o 80% do municipio e onde vive o 10% da poboación”. Fernández

incidiu no compromiso da alcaldesa “de procurar que, pouco a pouco, as parroquias e a cidade se equiparen en canto a dotacións e servizos públicos co fin tamén de fixar poboación no rural”.

As estradas nas que se actuará tras a licitación da XGL son a estrada dende O Vilardón ao límite municipal co Concello de Outeiro de Rei na Parroquia de Tirimol, na que se investirán 40.770 euros. Na estrada de Conturiz a Cardoso, concretamente nas parroquias de Santo André de Castro e San Mamede dos Anxos, suporá un importe de 73.894 euros.

A N-540 á estrada de Bazar e da N-540 ao núcleo de O Corral de Abaixo, na parroquia de Calde executarse por valor de 53.486 euros.

Os populares piden axilizar a resolución das licenzas no rural

O Grupo Municipal do Partido Popular segue preocupado pola situación na que “se atopa a resolución de expedientes de licenzas nas parroquias do rural, xa que segundo os datos do expediente do primeiro semestre do ano a resolución media da solicitude de licenza se sitúa nos 611 días, que xeraron un volume de negocio total de 3.602.204,30 euros”.

Manuel López insiste en que a situación “é moi preocupante xa que como sempre dixemos dende o Grupo Municipal Popular urxe axilizar e desbloquear os expedientes en lugar de seguir a mantelo nunha situación de bloqueo, perpetuando no tempo os trámites o que propicia que moitos dos solicitantes desistan na súa petición ou mesmo

rematen noutros concellos”. Situación que se certifica en que o 90% das licenzas concedidas no que vai de ano exceden o prazo de 90 días. “A realidade é que o 32% das licenzas concedidas déronse en menos dun ano, o 28% entre un e dous anos e o 30% restante superan os dous anos de espera” sinalan.

Para o concelleiro popular “non ten sentido” a liña que están a seguir dende o goberno local e preguntálles que pensan facer para asentar poboación no rural, xa que as peticións para construír unha vivenda nas parroquias tardan en resolverse unha media de 700 días. “Hai casos nos que tardaron case seis anos en responder a una solicitude de licenza, é así como pensan asentar poboación no rural?”, pregunta.


Comeza a licitación da pasarela do centro de saúde de San Roque

Rubén Arroxo anunciou a aprobación do inicio do proceso de licitación para construír a pasarela do centro de saúde de San Roque, no barrio de Fontiñas.

“Esta é unha solicitude que a veciñanza da zona levaba moito tempo realizando, e que desde a nosa chegada ao Goberno Municipal tratamos de dar a mellor solución posible”, explicou Rubén Arroxo, que engadiu “desde a área de Mobilidade estudamos as distintas alternativas para darlle solución a este obstáculo, especialmente importante na unión do Centro de Saúde coa rúa Primavera e coa rúa Peña Anda”.

Esta nova infraestrutura permitirá, segundo declarou o tenente de alcalde, “unir o centro de saúde e as rúas Primavera e Peña Anda cun percorrido practicamente plano”.

A solución plantexada pola área de Mobilidade consiste na creación



dunha pasarela que una o comenzo da rampa que dá acceso ao centro médico coa parte alta da escalinata Primavera, pasando por riba da entrada do carril do xuízo, segundo o estipulado na normativa vixentes sobre accesibilidade e permitindo o paso de vehículos pola parte inferior. A pasarela terá un gálibo de máis de 4 metros, o que permitirá a circulación de vehículos pola súa parte inferior. A lonxitude total será de 34,68 metros. A actuación sairá a licitación cun orzamento de 238.497,51 euros

e un prazo de execución de 4 meses. Rubén Arroxo lembrou que nos últimos meses desde a área de Mobilidade executáronse unha serie de actuacións “para mellorar a mobilidade e a accesibilidade na zona de Fontiñas”, e destacou as actuacións levadas a cabo durante o ano pasado, para mellorar o tránsito peonil e rodado polo Carril do Xuízo, colocando baldosas tipo punta de diamante, que evitan resbalóns, actuando na banda de rodadura da vía para mellorar a adherencia.

Licitada a xestión da cafetería do Vello Cárcere



Imaxe do proxecto da cafetería

O Concello sacará a licitación, nas vindeiras semanas, o contrato para a xestión da cafetería do Vello Cárcere. A área de contratación última a redacción dos pregos, actualizados para adecuarse non só ás inxerencias do sector senón tamén á nova situación de pandemia.

Dende o Executivo local explican que, “a pesar de que as bases xa estaban moi adiantadas en 2020, a aparición da covid-19 e as restricións que se foron impondo á hostalaría, deixou o proceso nun impás, ante a incertidume da viabilidade que terían estes negocios mentres durase a crise sanitaria”.

“Toda vez que comencamos a recuperar, pouco a pouco a normalidade, a tramitación administrativa do procedemento foi reactivada con celeridade, introducindo, ademais, novos aspectos que, por unha banda fagan a adjudicación máis atractiva para o empresariado local e, pola outra, se adecúen ao contexto social actual”, referiu a concelleira de área.

Continúan os traballos de pintado da sinalización horizontal



O Concelleiro Alexandre Penas, supervisando as obras

O concelleiro de Infraestruturas Urbanas, Alexandre Penas, visitou a rolda da República Argentina, onde se estiveron efectuando traballos dentro do plan de renovación da sinalización horizontal. “Seguimos traballando nesta actuación, que nos permite mellorar a seguridade viaria e a imaxe da cidade”, explicou Alexandre Penas, que engadiu “para garantir os mellores resultados, os traballos planifícanse segundo as previsións meteorolóxicas”.

Toda a sinalización horizontal que se está a pintar está adaptada aos cambios realizados na ordenanza de circulación, destinados a evitar resbalóns aos peóns e aos vehículos de dúas rodas. Nos pasos de peóns regulados por semáforo só se pintan os límites, deixando a zona interior

descuberta para evitar resbalóns. No caso dos pasos non regulados por semáforo, déixase unha das liñas sen pintar para evitar tamén resbalóns de motos e bicicletas. Nas prazas para persoas con mobilidade reducida agrándase o tamaño e píntase unha superficie menor.

Desde a concellería de Infraestruturas planifícase o pintado tratando de reducir ao máximo os cortes nas rúas. “Malia que pode haber momentos puntuais nos que se poida producir algunha restrición na circulación, tratamos de facilitar ao máximo o acceso da veciñanza ás distintas zonas”, explicou Alexandre Penas, que engadiu “seguiremos traballando para mellorar a calidade de vida e a seguridade da veciñanza de toda a cidade”.

Preparan o novo alumeado regulado para a Muralla

O concelleiros nacionalistas visitaron xunto co equipo de arqueoloxía responsable os traballos de humanización da ronda da Muralla, no treito entre a rúa Santiago e a rúa Vilalba. Alexandre Penas destacou que “en poucas semanas poderemos contar cun novo treito da Muralla humanizado, con menos tráfico e pensado para o disfrute da veciñanza”.

Os traballos estanse a executar contando coa supervisión de equipos expertos en arqueoloxía.

Alexandre Penas explicou que “en todos os traballos deste tipo contamos con equipos especializados para garantir que no caso de que aparezan restos se traten e cataloguen da mellor maneira posible”. Realizouse a instalación das canalizacións do novo alumeado deste treito, que está a ser renovado. Instalaranse 9 novas luminarias LED tipo RGB, que permitirán unha iluminación segundo a hora do día, mostrando luces de tonalidade cálida na noite e fría nas mañás.

A rúa Mestre Soutullo xa ten pintados os aparcamentos

As obras do pintado das prazas de aparcamento na rúa Mestre Soutullo, paralela a Marqués de Ombreiro, finalizaron xa. Con estas actuacións, sinaláronse 40 prazas en toda a rúa, gañando seis con respecto ás existentes e habilitouse, así mesmo, unha praza máis para vehículos de emerxencias.

Neste senso, na marxe dereita da calzada o estacionamento será en batería, mentres que na marxe esquerda, será en espiga cun ángulo de 60º.

Desta maneira, a rexedora da resposta á demanda de aparcamento na contorna da senda verde ciclista que se está a executar en Marqués de Ombreiro, onde finalmente se acadaron máis dun centenar de prazas de estacionamento tras manter os espazos actuais, solución que foi consensuada coa veciñanza nunha reunión.

Froito desta xuntanza, acordouse tamén realizar o repintado de Marqués de Ombreiro que pasou a ser dun único sentido de circula-



A rúa Marqués de Ombreiro

ción, desde a rúa que baixa desde Avenida das Américas (fronte ao Mercadona) ata a rúa Músico Falla, en sentido descendente cara ao río. Así, o carril eliminado permitiu manter as prazas de aparcamento en paralelo ao carril bici, que antes se suprimían, mentres que a reordenación do tráfico de subida realizouse pola rúa Músico Falla ata Avenida das Américas. Hai uns días, Lara Méndez e o tenente de alcaldesa, Miguel Fernández, acudiron a ver a evolución desta obra, na que aínda se está a traballar.



ESCOLA INFANTIL. Executáronse obras de acondicionamento na escola infantil Sagrado Corazón, coa instalación dun novo quentador e mellora do illamento da cheminea, e a renovación do chan das galerías. Tamén se fixeron pequenas actuacións de acondicionamento na aula de bebés, mudáronse zócalos e equipouse cunha ducha a sala de armarios do persoal.

O PP urxe a renovación da rede de augas do Ceao

O viceceiro do Grupo do Partido Popular no Concello de Lugo, Antonio Ameijide, urxe ao goberno local a planificar e proceder á renovación da rede de subministro de auga naquelas zonas do polígono do Ceao “nas que a presión da auga é moi pequena para garantir o acceso no caso de emerxencia”. Ameijide fai esta petición despois de ter acceso aos informes municipais derivados do incendio que tivo lugar no polígono do Ceao o pasado mes de abril, suceso tralo cal dende o Grupo Municipal Popular felicitou aos servizos de emerxencias “pola súa magnífica labor”, pero tamén criticou a “falta de presión de auga coa que tiveron que afrontar ese suceso”. Afirmar os populares que eses informes

certifícase a súa sospeita de “que a falta de presión de auga dificultou enormemente as tarefas dos servizos de extinción de incendios, pese ao cal conseguiron controlar as lapas e sofocar o incendio”. Para o popular urxe a renovación da rede, “xa que no caso de que o goberno local optase por aumentar de inmediato a presión de auga correríase o risco, nunha porcentaxe moi elevada, de sufrir rebentóns ou roturas na rede xa que as tubaxes son moi antigas, de fibrocemento, polo que moitas delas xa superaron con creces a súa vida útil. A realidade non é que non hai presión suficiente de auga, senón que as tubarías tampouco son capaces de asumir a no caso de que se lle meta máis presión”, lamentou.



VELLO CÁRCERE. Ampliaron a beirarrúa fronte ao Vello Cárcere grazas ao acordo de Infraestruturas e Cultura no Concello. O Goberno do Concello aproveitou a remodelación do tráfico na zona para acometer estas obras. A beirarrúa estase a facer no mesmo material que xa tiña a existente e mudáronse de lugar as prazas de aparcamento para evitar a presenza de vehículos diante do edificio.

Poy pregunta polo futuro dos terreos da Deputación no Rato

O grupo provincial popular preguntou ao goberno da Deputación se ten algún proxecto para a ampla superficie de bosque, ao pé do parque do Rato, da que é titular. Tal e como explican os populares, no seu día o organismo provincial pretendeu crear unha reserva de animais, con cervos e outras especies. “Un goberno provincial socialista decidiu que este tipo de iniciativas non entran dentro das competencias da Deputación e abandonou dito proxecto”, explica. Segundo as informacións publicadas no seu momento, este espazo ten una superficie de 100.000 metros cadrados; permanece valado e os accesos pechados con cadeados. “Díxose en decembro de 2002 que a

Deputación tiña o proxecto de repoboar con distintas especies animais este espazo. Naquel momento, o goberno, presidido por Francisco Cacharro, indicaba que ese espazo, que xa estaba valado, podía ser visitado con autorización previa”, engaden. O deputado popular Óscar Poy, tras inspeccionar o estado do valo, o peche das cancelas de acceso e comprobar como se atopa dito espazo, considera que “non ten xustificación que non estea aberto ao público”. O mesmo deputado indica que “un terreo tan amplo, densamente arborado, non pode estar continuamente vetado ao público”, indica que son moitos os lucenses e os visitantes que se preguntan que hai nese terreo e por que non é accesible.

A contorna do CEIP Albeiros contará cunha nova senda peonil

A área de Mobilidade está a realizar os traballos de execución dunha nova senda peonil na contorna do CEIP Albeiros e durante estes días procederase a modificar as rúas Xenebro, Illa de Ons e o acceso ao CEIP Albeiros desde a Rolda Norte.

Unha vez rematen os traballos entrará en vigor a nova ordenación do tráfico aprobada na comisión de tráfico celebrada en marzo deste ano.

Esta reordenación afectará ás rúas do Xenebro, Garaballa de Arriba e rúa Illa de Ons, e instalárase sinalización horizontal de banda de preferencia de tránsito peonil.

A Rúa Xenebro pasará a ser de sentido único dende Rúa Illa de Ons ata a conexión coa vía de servizo da Ronda Norte (Garaballa de Arriba) e habilitárase unha banda de preferencia de uso peonil na marxe dereita, que continuará no treito da vía de servizo da Ronda Norte dende a glorieta (Garaballa de Arriba ata o CEIP Albeiros), percorrendo a mesma dende a Ronda Norte ata o CEIP Albeiros.



Os concelleiros nacionalistas, vistando os últimos traballos en Albeiros

Na rúa Illa de Ons, dende a Rúa Pardillo ata a Rúa Xenebro, modificarase a circulación, quedando en sentido único e percorrendo a vía dende a Rúa do Pardillo ata a Rúa Xenebro, con banda de preferencia de uso peonil na marxe dereita.

O tramo da Rúa Xenebro compren-

dido entre Rúa Illa de Ons e Rúa Dolmen manterá o dobre sentido de circulación para o tráfico rodado, con banda de preferencia peonil na marxe dereita.

O edil de Infraestruturas, Alexandre Penas explicou se trata “dunha importante modificación da circulación que servirá para dar máis seguridade a unha zona escolar”.

Renovación de viais nas Gándaras

O concelleiro de Infraestruturas, Alexandre Penas, visitou o barrio das Gándaras onde veñen de comezar os traballos de renovación do firme de varios viais. “Con esta actuación respondemos a unha solicitude da veciñanza da zona, renovando o barrio e mellorando os viais e os accesos ás Gándaras”, explicou Rubén Arroxo.

A área de Infraestruturas está a actuar nas rúas Vagalume, Bolboretta, Paporrubio, Galo, Gaivotas, Toledo, Areas, Rola, Camiño de Gustavo e Pombo, ademais dos ramais de acceso da rúa da Rola á Avenida Adolfo Suárez, Bolboretta a Monte Pía Páxaro e Adol-



Obras das Gándaras

fo Suarez á Urbanización Castro Gil. Nestas rúas aplicarase unha nova capa de rodadura baseada

en mestura asfáltica en quente, que asegurará un selado do firme ante a acción da auga e unha prolongada duración da actuación. Ademais, renovarase a sinalización horizontal, que se mellorará nos cruces complicados.

A execución desta obra foi adxudicada a Francisco Gómez y Cia SL, cun orzamento de 184.149€ e un prazo de execución de oito semanas. “Continuamos a traballar na mellora dos barrios da cidade e das zonas periurbanas, mellorando a calidade de vida das veciñas e veciños que a diario utilizan os viais”, afirmou Alexandre Penas.

Un estudo piloto planificará o control climático dos barrios

Ante o pronóstico dun futuro climático adverso, que mesmo apunta á previsión de que nos vindeiros anos se alcancen en Europa temperaturas próximas aos 50 graos, o Concello pretende que as futuras urbanizacións que se constrúan en Lugo dispoñan de recursos propios renovables – como a mobilidade, a iluminación ou a xeración de residuos – como ferramentas de resiliencia.

Así, o Concello de Lugo adxudicou esta mañá, en Xunta de Goberno, a contratación dunha asistencia téc-

nica para elaborar un estudo piloto de planificación detallada de zonas de control climático na cidade. Os traballos, que terán un custo de 45.254 euros e un prazo de execución de 7 meses, centraranse no primeiro barrio multicolóxico que haberá en España – situado nas Gándaras – aínda que tamén incluírá o análise da praza do Agro do Rolo, co obxectivo non só de proxectar zonas residencias con maior calidade de vida senón tamén de mellorar algunhas das xa existentes.

Catro empresas optan a xestionar a Casa das Linguas

A renovación da concesión das casas das linguas municipais, Estrada da Granxa e María Balteira conta con catro ofertas presentadas, que se debatirán estes días.

O contrato terá unha duración dun ano, prorrogable ata un total de 5, e saíu a licitación cun orzamento base de 105.420,10€.

O período de inscricións e probas de nivel durará entre o 1 e o 14 de setembro, e as listas publicaranse durante o 15 de setembro. Entre o 16 e o 24 abrirase o proceso de matrícula, e as clases darán comezo o luns 27 de setembro.

Anuncian a renovación integral de Lamas de Prado

O tenente alcalde e concelleiro responsable da área de Mobilidade e Infraestruturas, Rubén Arroxo, anunciou a aprobación da renovación da rúa Lamas de Prado. “Realizaremos unha intervención que renovará a estética e os servizos públicos desta rúa”, explicou Rubén Arroxo, que engadiu “será unha actuación integral que humanizará unha zona importante da cidade”.

A área de Mobilidade e Infraestruturas abre o procedemento de licitación cun orzamento de 635.530,36€, e un prazo de execución de 4 meses. Rubén Arroxo explicou que “Lamas de Prado é a conexión central de todo un barrio que conta con máis de 15.000 habitantes”, e engadiu “realizaremos unha renovación integral que aumente a accesibilidade e que mellore a súa estética, mellorando a imaxe do barrio e do conxunto da cidade”.

A actuación mellorará a seguridade vial da zona. Segundo explicou Rubén Arroxo, “a renovación das beirarrúas permitirá aumentar a accesibilidade ao eliminarse as



Os concelleiros nacionalistas, na zona de Lamas de Prado

barreiras arquitectónicas da rúa”. Ao mesmo tempo, continuarase avanzando no calmado do tráfico, ao instalarse na zona novos pasos de peóns elevados, ademais de mellorarse a disposición da sinalización vial. O treito fronte á praza do Castiñeiro converterase nunha plataforma única, “gañando espazo peonil sen afectar á mobilidade dos vehículos”, explicou Rubén Arroxo

“Nesta renovación seguiremos avanzando na implantación de alumado público de baixo con-

sumo”, afirmou Rubén Arroxo. Xunto con esta do alumado, a área de Mobilidade e Infraestruturas avanzará na retirada do cableado das fachadas.

Renovarase, ademais, o mobiliario urbano e as zonas verdes da zona e instalarase unha nova marquesiña para a parada do bus urbano, e habilitaranse novos aparcabiscos “para continuar a fomentar o uso da bicicleta e do transporte público como medio de transporte alternativo ao vehículo privado”, afirmou Arroxo.

O PP pide unha norma para dar visibilidade nos pasos de peóns

O vicevoceiro do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Lugo, Antonio Ameijide, pídelle ao goberno local a elaboración dunha normativa municipal ou establecer unha serie de criterios municipais para a localización do mobiliario urbano e así garantir a visibilidade nas inmediacións dos pasos de peóns e cruces da cidade, de cara a mellorar a seguridade viaria, tanto para peóns como para condutores.

Ameijide explica que se ve na obriga de pedir esta normativa xa que no municipio hai moitos puntos nos que a visibilidade “é practicamente nula” nas inmediacións dos pasos de peóns xa que se permite o aparcamento ou a colocación de colectores do lixo xusto antes do paso, polo que os condutores teñen moi difícil ver se hai peóns dispostos a cruzar, do mesmo xeito que os peóns non poden ver se hai vehículos circulando. O concelleiro popular reclama algo tan sinxelo como que se elabore unha normativa municipal con criterios de localización para o mobiliario urbano ou outro tipo de elementos, así como para garantir a visibilidade previa a pasos de peón e cruces, para evitar que se permita o esta-



Contedores na avenida Fontiñas de Lugo

cionamento de vehículos de grandes dimensións xusto antes dun paso de peóns ou que os colectores do lixo se coloquen xusto a continuación do paso para evitar que impidan a visión aos condutores e aos peóns. Outra das solucións que se podería adoptar sería que xusto antes dos pasos de peóns se establecesen as zonas destinadas para o aparcamento de motos, vehículos de pequeno tamaño que non impiden a visión. “Trátase de evitar que vehículos ou elementos de grandes dimensións impidan a visión tanto a peóns coma condutores”, explicou.

Estes criterios deberían de estar reflectidos nunha normativa municipal para que á hora de realizar repintados, colocar novos colectores ou habilitar zonas de carga e descarga “non se incorra de novo nestas situacións” que elevan o nivel de perigo no referente á seguridade viaria, xa que, recorda o popular, é preciso poñer todos os medios que temos ao alcance para poñer freo aos atropellos no casco urbano, xa que, segundo os últimos datos aos que tivemos acceso, preto do 80% dos atropellos en Lugo teñen lugar nas inmediacións dun paso de peóns.

Piden dotar de aseos, duchas e vestiarios ao anexo do Pazo



O pavillón anexo atópase na parte traseira do Pazo dos Deportes

O PP insta ao goberno provincial a dotar de aseos, duchas e vestiarios ao pavillón anexo do Pazo dos Deportes, no que adestran e compiten centos de nenos e xoves lucenses.

Así, o deputado popular Óscar Poy sinala que “fomentar o deporte dende a infancia esixe dispoñer de instalacións coas infraestruturas necesarias. A Deputación de Lugo precisa traballar máis e con maior eficiencia en moitos aspectos da atención a esta parte da xestión. Un deses aspectos a mellorar o antes posible ten que ver coas condicións do pavillón anexo do Pazo

dos Deportes, cuxas carencias é preciso solucionar canto antes, tal como reclaman moitos pais dos nenos que adestran nestas instalacións”.

Poy explica “o pavillón anexo do Pazo do Deportes carece de aseos, duchas e vestiarios. Esta falta de servizos e ben coñecida polos xoves usuarios destas instalacións e tamén polos seus pais, pero, cando se comenta con outros lucenses, alleos ao uso do pavillón, quedan tremendamente sorprendidos de que, a estas alturas do século XXI, se dea un caso así na capital da provincia”.

Rematadas as obras nas pistas do Palomar

Finalizaron as obras de reforma do Polideportivo do Palomar, que o vindeiro luns, día 6, abre de novo ás súas portas aos usuarios. O acondicionamento supuxo un investimento de 116.735 euros. A reforma abarcou o firme de todo o recinto xa que as pistas de baloncesto e fútbol sala pre-

sentaban un elevado grao de deterioro debido ás humidades do terreo no que se asentan, pero tamén polo uso intensivo que se fai das mesmas. Tamén actuaron nos equipamentos, destacando o cambio das canastras, e impermeabilizaron e pintaron as dependencias

As piscinas terán un sistema pioneiro de tratamento de auga

O Concello instala nas piscinas cubertas un sistema pioneiro de tratamento de auga máis beneficioso para a saúde e o medio ambiente. O tratamento utilízase tanto nas piscinas de Friga como das Pedreiras. Este sistema de tratamento de auga mediante luz ultravioleta reduce o uso do cloro ata un 75%, “o que, entre outros moitos beneficios, suporá unha mellora para os usuarios e traballadores das instalacións con problemas respiratorios, de pel ou de irritación de ollos, aos que a acción do cloro lles prexudica”, sosteñen dende o Concello. Ademais das vantaxes para a saúde, suporá incrementar a eficiencia

enerxética, xa que conleva rá afros importantes en renovación de auga e de quecemento da mesma, “co que contribuiremos á mellora medioambiental e minoraremos os custos económicos”, aclararon, e “tamén neste damos pasos cara o modelo de cidade sostible e verde na que estamos a traballar, á vangarda na loita contra o cambio climático”. Con este sistema, no que se investiron 50.658 euros, “na área de Deportes continuamos a mello rar as dotacións municipais co fin de ofrecer aos usuarios unhas instalacións deportivas, neste caso acuáticas, de calidade”, engadiron.

Continúan as obras no parque de Augas Férreas

Continúa o avance das obras de cobertura e renovación do parque infantil de Augas Férreas, que será o terceiro cuberto da cidade, xunto aos do Pazo de Feiras e a praza Agro do Rolo.

Os traballos contaron cun orzamento de 166.400 euros e incluíron tarefas de acondicionamento tales como a colocación dun novo pavimento na totalidade da área de recreo, traballos de posta a punto en xogos, a retirada e recolocación do valado de aceiro inoxidable, a retirada do bordo perimetral para consecución dunha única cota e reparación da superficie afectada, así como

a recolocación e reordenación dos xogos existentes, tendo en conta que se procederá a instalación de dous novos elementos lúdicos.

Ademais da cubrición do parque infantil, mediante a colocación dunha estrutura con pórticos de aceiro e a base de placas de policarbonato translúcidas que protexerá a área de xogos, así como a instalación dun novo rocódromo e un pórtico triplo, co que se aumentará nun terzo a superficie do parque, chegando a case 400 m² (396.88 m²), dos cales 236 m² coinciden coa área existente e 160 m² coa ampliación.

Renovan a Casa da Muller

Estanse a executar traballos de renovación e mantemento no interior da Casa da Muller, co obxectivo de mellorar e facer máis confortables estas instalacións municipais.

Así, as obras, que comezaron recentemente, contemplan a creación de novos espazos como despachos, unha zona común destinada a sala de lectura ou un almacén. Por outra banda, tamén se levará a cabo o repintado interior do inmoible e a execución dun novo pavimento.

A nova configuración interna contempla, así mesmo, itinerarios de seguridade tanto para o persoal municipal como para as usuarias do centro. Deste xeito, todos os despachos estarán conectados entre si, e coa saída, para incrementar a seguridade do edificio.

As obras contemplan a demolición

de tabiques e a execución duns novos para adecuar os despachos existentes e crear novos e tamén unha nova zona común dedicada a sala de lectura e un almacén na zona de administración. Así mesmo procederá á retirada do falso teito co fin de executar un a unha única altura e dotalo de iluminación.

As tarefas tamén incluírán o levantamento dos distintos solos de linóleo, cortiza ou similar. Ademais, abríranse ocos para a execución de portas de paso entre os despachos e procederá ao pintado xeral do interior da edificación, previa reparación das fendas e fisuras na tabiquería. As obras complétanse coa substitución de porta exterior do almacén, co fin de instalar unha porta de aceiro de fácil apertura dende o interior cunha barra antipánico.

Queixas polo desmantelamento continuado da Fábrica da Luz

“A fábrica da luz é un edificio cunha localización moi boa e cunhas posibilidades de aproveitamento económico no río excepcionais”, así comezou falando o vicevoceiro do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Lugo, Antonio Ameijide, para despois lamentarse profundamente da situación na que se atopa “totalmente desmantelada despois de moitos anos nos que o PSOE optou por mirar cara outro lado mentres esta dotación esmorecía pouco a pouco”.

A imaxe do interior desta dotación “é desolador, xa que está totalmente baleira de contidos, equipos ou calquera tipo de instalación que debería de haber nun edificio

destinado á produción de enerxía eléctrica a través da corrente da auga”, di Ameijide. “Agora entendemos o veto que a alcaldesa sempre nos puxo para entrar neste edificio, quixo demorar ao máximo que a cidadanía soubese a realidade desta instalación”.

Unha situación derivada “das caciadas do PSOE e da incompetencia e falta de rigor e de traballo” dos anteriores gobernos socialistas, que contaron coa imprescindible complicidade do BNG, que provocou que a empresa que tiña a concesión para a explotación da Fábrica da Luz solicitase a rescisión do contrato debido aos incumprimentos do goberno de Lara Méndez.

O PP urxe á CHMS a reparación urgente do caneiro do Muíño

O concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Lugo, Óscar Poy, lamenta que, unha vez que xa pasou unha boa parte do verán, o caneiro que hai á altura de O Muíño segue roto, “tras case unha década neste estado, despois de que se rachase deliberadamente para executar as obras de arranxo da ponte romana”.

Óscar Poy afirma que non se trata da primeira vez que o Grupo Popular reclama o arranxo desta infraestrutura, “vital para o mantemento do nivel do río”, algo que tamén reclamou no pasado o BNG e prometeu realizar o PSOE, pero que “agora que comparten goberno e moqueta semellan ter esquecido xa que non queren nin oír falar do tema”.

O popular sinala que esta é a mellor época para levar a cabo estes traballos, “tanto polo nivel do río como da estación na que nos atopamos xa que o arranxo debe facerse antes de que chegue o mal tempo e aumente o caudal do río”. O concelleiro popular urxe á reparación do caneiro de O Muíño, “sobre todo tendo en conta que hai semanas que se coñeceu o fallo xudicial que revertía a titularidade deste caneiro de novo á Confederación Hidrográfica Miño-Sil, polo que dende a Confederación de Infraestruturas. Para a realización xa non teñen ningún tipo de escusa para non reparalo”. Sinala



Caneiro do Muíño

Óscar Poy que “a propia Confederación Hidrográfica xa repetiu en numerosas ocasións que tiña preparado un proxecto para a súa reparación, por un importe de 320.000 euros”.

“A reparación deste caneiro é unha vella demanda da cidadanía, sobre todo daquelas persoas que máis empregan o río, como son os piragüistas, polo que é necesaria unha intervención decidida para que non se agrave aínda máis o mal estado deste caneiro”, di. Asegura Óscar Poy que os problemas con este caneiro comezaron co arranxo da ponte romana en 2012, “unha obra realizada baixo a batuta do BNG, cando Paz Abreira era a concelleira responsable de Infraestruturas. Para a realización desta obra era preciso que baixara o nivel da auga, polo que

se optou por romper o caneiro. O problema é que cando rematou a obra, dende o BNG esqueceron misteriosamente urxir á empresa que realizou os traballos o arranxo do caneiro, algo do que se acordaron unha vez racharon o pacto de goberno con Orozco. Semella que á volta á oposición lles fixo recordar os problemas da cidade”, sinalou.

O popular lamenta “levar demasiados anos escoitando tanto a socialistas e nacionalistas que Lugo ten que mirar cara ao Miño, algo no que nós estamos de acordo, pero precisamos feitos e non palabras. É momento de deixarse de promesas, hai que pasar aos feitos xa que, por desgraza, todo o que ten que ver con potenciar o río, que depende do PSOE e BNG, foi un auténtico fracaso”.

Inician o cambio do alumbeado na Residencia

Comezaron os traballos de renovación do alumbeado público na zona da Residencia, nas rúas Río Ulla, Azalea, Escultor Asorei, Río Lor, Portugal, Amizade e Evaristo Correa Calderón.

Con esta actuación eliminaranse en total 50 luminarias de 75, 150 e 250W de distintos tipos altamente contaminantes, como vapor de mercurio ou sodio, mudándose por luminarias LED de distintas potencias segundo a necesidade de cada rúa. O consumo eléctrico pasará de 9.675W a 5.681W, aforrando en total 6.15 Tn de CO₂ ao ano. A actuación foi adxudicada por 246.626,27 euros.

Nos últimos dous anos a área de Mobilidade e Infraestruturas renovou o alumbeado en múltiples zonas da cidade, instalando novas luminarias en rúas como a avenida Filharmónica Lucense, que non contaba con alumbeado público, e



Reunión no barrio da Residencia

reducindo a cantidade de luminarias con elementos contaminantes, como o vapor de sodio ou de mercurio das instalacións antigas. Desde a área de Infraestruturas continúa a investir na renovación da rede de alumbeado, aplicando o criterio da perspectiva de xénero e aumentando a seguridade da vía pública.

Rematadas as obras de cubrición das dúas pistas de tenis de Friga

Finalizaron as obras de cubrición das dúas novas pistas de tenis de Friga, nas que se investiron preto de 300.00 euros

Estas destacan pola “calidade destas instalacións, que se atopan nun lugar privilexiado da cidade”, e que se enmarcan “na nosa aposta por mellorar as dotacións deportivas de Lugo e que sexan máis polivalentes, ademais de incrementalas con novas dependencias co fin de fomentar a práctica do exercicio e promover pautas de vida saudable entre a poboación, especialmente na mocidade, ao tempo que atendemos as demandas que nos achega a veciñanza xa que o tenis é unha das modalidades deportivas que conta con máis afeccionados na nosa cidade”, destacan dende o Concello.

Coa cubrición das pistas permitirase que poidan ser utilizadas durante máis tempo ao ano ao marxe das inclemencias do tempo.

DEPUTACIÓN

A Deputación ten executado o 75% do plan Ilumin@

A Deputación rematou a execución de case o 75% do Plan Ilumin@, un programa dotado con 723.000€ co que a institución provincial axuda aos concellos da provincia a aforrar custes enerxéticas. Do total do investimento, o 80% son fondos europeos que a Deputación conseguiu a través do IDAE (Instituto para a Diversificación e o Aforro da Enerxía), un organismo dependente do Ministerio de Transición Ecolóxica. Xa son 28, dos 38 concellos que decidiron adherirse a este programa, os que teñen as actuacións completadas, consistentes na substitución de luminarias públicas por outras máis eficientes. Os contratos de subministro e instalación de material que inclúe o plan Ilumin@ está dividido en zona norte, centro e sur. O 100% da zona centro está rematada, mentres que na zona norte 11 dos 14 concellos xa se benefician do programa e un, Burela, está rematado, pendente de certificar. Pola súa banda, cinco concellos da zona sur xa teñen o plan Ilumin@ completo e os 7 restantes



Firma do Plan Ilumin@ cos representantes dos concellos

-As Nogais, Carballedo, Monforte de Lemos, O Incio, O Páramo, O Saviñao e Samos- están en execución. Con este plan, os 38 concellos da provincia que decidiron adherirse cambiarán en total unhas 3.200 luminarias por outras de tecnoloxía LED, o que suporá un aforro conxunto de 62.000€ ao ano, isto é, ata un 63% da facturación eléctrica das instalacións municipais nas que se actuará, fundamentalmente alumea-

dos públicos exteriores. Ademais, a tecnoloxía LED permitirá reducir o consumo nun total de 450.000 quilovatios ao ano, o que minimizará tamén a pegada de carbono. O plan Ilumin@ forma parte do obxectivo estratéxico da Deputación de cooperar cos municipios para que poidan prestar servizos públicos eficientes á cidadanía aforrando custes, pero tamén preservando o medio ambiente.

Comeza a elaboración de orzamentos

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, avanzou que a elaboración dos Orzamentos 2022 é unha das prioridades do novo curso político.

“Nos dous anos que levamos gobernando sempre conseguimos sacar adiante os presupostos dentro da anualidade anterior para telos en vigor en xaneiro. Este ano tamén o faremos así e traballaremos para poder aprobalos antes de que remate o ano porque os orzamentos son o documento que fixa as actuacións que seguirá o Goberno no ano seguinte”, recalcou o mandatario provincial.

Tomé Roca dixo que o Goberno seguirá colaborando cos concellos. “É unha das nosas liñas de acción prioritarias como Deputación, e así o demostramos nesta pandemia coas nosas políticas e decisións, adiantándonos en moitas ocasións ás súas necesidades, como foi o feito de facerlles chegar con antelación os fondos económicos dos impostos, por exemplo, e dando

soporte a aquelas necesidades que teñan”, explicou.

O mandatario provincial dixo que na folla de ruta do Goberno tamén está “seguir co Plan de Impulso da Economía da Provincia, desenvolvendo novos programas e iniciativas que axuden aos sectores produtivos máis afectados polas restricións da pandemia, e tamén seguir con outros novos programas que temos en marcha”.

Ademais, o presidente situou os servizos sociais e a atención socio-sanitaria como un dos principais obxectivos nos que continuar traballando no novo curso político. “No que queda de ano teremos dous novos Centros de Atención a Maiores abertos, en setembro o de Meira e a finais de ano o de Navia de Suarna”, anticipou.

A Deputación de Lugo ten en funcionamento a día de hoxe seis centros de atención a maiores, abertos en Trabada, Pol, Ribadeo, A Fonsagrada, Castroverde e Pedrafita do Cebreiro.

Anuncian melloras para a rede de estradas

A Xunta de Goberno aprobou melloras para a rede de estradas da Deputación por un importe de 1,7M€. O órgano de goberno provincial sacou adiante a licitación dos traballos de acondicionamento e rehabilitación do firme en 5 estradas do Páramo e Ribadeo e a adxudicación das obras noutras 5 vías que atravesan os concellos de Guitiriz, Monforte de Lemos, Bóveda, Pastoriza, Castro de Rei e Barreiros.

“Mellorar a mobilidade é unha das prioridades neste mandato e tamén o meu compromiso, porque unhas estradas en boas condicións son necesarias para favorecer a igualdade de oportunidades e o reequilibrio territorial”, apuntou Tomé Roca, que lembrou lembrou que nos orzamentos provinciais deste ano as partidas para o amaño de estradas aumentaron nun 14% ata acadar os 16M€.

No concello de Ribadeo licitouse a rehabilitación do firme da LU-P-5207, que vai a Vilela, nun tramo de algo menos dun quilómetro á altura do inicio da estrada, entre os puntos quilométricos 0,500 e 1,129. Un tramo que tamén se dotará de

beirarrúas no paso sobre as vías do ferrocarril. “Esta é unha actuación moi demandada polos veciños e as veciñas, porque é unha vía que dá acceso ao campo de fútbol municipal Pepe Barrera”, apuntou o Presidente. Estes traballos contarán cun orzamento de 524.000€ e un prazo de execución de 12 meses.

Ademais darase continuidade aos traballos da estrada provincial paralela á costa de Barreiros, a LU-P-0610. Neste caso, a institución provincial xa investiu 91.300€ nesta vía, para mellorar o tramo entre os puntos quilométricos 3,400 e 5,400. Na Xunta de Goberno celebrada este venres saíu adiante a adxudicación do proxecto para a mellora doutro tramo desta estrada estratéxica para Barreiros e a comarca da Mariña. Os novos traballos acometeranse entre os quilómetros 1,400 ao 3,400, cun investimento de 120.777€ e un prazo de execución de 9 meses. “Xa o dixen no seu día, pero manteño o meu compromiso de que neste mandato esta estrada quedará totalmente renovada”, apuntou o presidente.

Repararán a fachada do Pazo de San Marcos



A Deputación licitou, por importe de 120.000 euros, a reparación e acondicionamento da fachada do Pazo de San Marcos, sede da institución provincial. O histórico edificio presenta deterioro nalgúns zonas debido ao paso do tempo. Os traballos consistirán na limpeza da fachada e da súa mampostería, o saneamento de fisuras e gretas, a eliminación de humidades e de filtracións de auga e o pintado das paredes.

O proxecto tamén inclúe a colocación na fachada unhas letras en aceiro pintado co texto Deputación

Provincial de Lugo, que xa existían antes da remodelación da Praza de San Marcos, e que identificarán á institución que alberga o Pazo. Estes traballos completaranse coa reparación da pintura do Salón de Plenos, que presenta zonas afectadas pola antiga presenza de humidades.

Con este proxecto, que ten un prazo de execución de tres meses desde o inicio das obras, continúaase a mellora do edificio, que xa comezou o ano pasado coa renovación da cuberta, que contou cun investimento de case 350.000 euros.

140 solicitudes na primeira edición de Coñece a túa provincia

José Tomé Roca, anunciou a aprobación da listaxe de entidades admitidas no programa Coñece a túa provincia, unha das medidas integradas o Plan de Impulso de Economía da Provincia. A iniciativa, que recibiu 143 solicitudes de participación na súa primeira edición, inclúe viaxes por toda a provincia para entidades sen ánimo de lucro con sede nalgún dos 67 concellos da provincia.

Tomé valorou o éxito do programa e sinalou que “estamos moi contentos e orgullosos do poder de convocatoria desta iniciativa que naceu con vocación de continuidade e que creemos que contribuirá, de maneira moi importante, á recuperación sostible do sector turístico, da hostalería e do comercio local. Os sectores máis castigados pola pandemia grazas ó seu efecto multiplicador”.

O órgano provincial admitiu a 62 entidades como primeiras beneficiarias e 79 foron incluídas na lista de agarda, só dúas asociacións excluíronse por non cumprir con algún dos apartados da convocatoria. As prazas foron adxudicadas por orde de inscrición ata completar as prazas, tal e como sinalan as bases.

AO NOSO CARÓN

friol

Comezaron as obras da estrada LU-231 entre Friol e Palas de Rei



Visita do alcalde ás obras

Comezou a primeira fase das obras de mellora da estrada autonómica LU-231 entre Friol e Palas de Rei, ás que destinan 2,8 millóns de euros. Os traballos teñen un prazo de execución de 12 meses.

As obras céntranse no acondicionamento dos primeiros 9,4 km da estrada LU-231, 8,9 situados no concello de Friol e os últimos 500 metros no de Palas de Rei, é dicir, o treito entre a travesía de Friol e o acceso a Castrelo.

A sección da estrada ten un ancho aproximado de 5 metros, polo que os carrís son estreitos e non contan con beiravías. Esta sección ampliarase ata os 8 metros, con dous carrís de 3,5 m de ancho cada un e

beiravías de 0,5 m, salvo na zona con máis edificacións.

O proxecto recolle melloras do trazado, suavizando as curvas de menor radio. Cabe salientar que se mellorará o cruce do punto quilométrico 2+100 coa estrada provincial LU-P-1611, pola que se chega a Guntín, nun sentido, e a Begonte (A-6), no outro.

A estrada LU-231 ten aproximadamente 18,7 quilómetros desde a travesía de Friol ata o enlace coa A-54 máis próximo a Palas de Rei. A Xunta ten prevista a súa mellora en dúas fases, para o que contratou a redacción de dous proxectos construtivos, estando o segundo redactado e en supervisión técnica.

O Concello implantará este curso o Servizo de Madrugadores

O Concello de Friol aposta por intentar facilitar a conciliación da vida familiar e laboral dos habitantes do seu pobo, e para iso leva a cabo, este curso que vai comezar o próximo mes de setembro, un servizo de Madrugadores, do que se poderán aproveitar as familias con alumnos e alumnas matriculados no CPI Doutor López Suárez de Friol.

Este servizo estará en funcionamento durante todo o curso 2021-2022, dende as 7:45 ata as 9:45, que é cando xa comeza a xornada escolar. Levarase a cabo dentro do recinto escolar, e haberá persoal suficiente encargado de atender as necesidades dos usuarios, polo que as familias poden deixas os nenos ou nenas cando o necesiten e xa irían para a clase correspondente cando comece o horario lectivo do centro, ás 9:45, como xa se indicou.

Con este xesto, o Concello de Friol segue apostando por dar servizos de calidade ás familias do municipio, e tamén ás que decidan vir vivir ao pobo e matricular aos seus fillos e fillas no centro escolar público de Friol. O Servizo de Madrugadores será subvencionado polo Concello, tendo que pagar cada persoa in-



teresada en facer uso do mesmo a cantidade de 80 € por todo o curso escolar 2021-2022.

Pode realizarse a inscrición nas oficinas do Concello de Friol, ou a través do correo electrónico info@concellodefriol.es. O impreso de solicitude de inscrición pode atoparse na páxina web do Concello.

O Servizo de Madrugadores proposto levarase a cabo sempre que haxa un mínimo de inscritos suficientes para formar un grupo, polo que a admisión definitiva estará condicionada a esta consolidación de grupos. De non ser posible a creación de un grupo, informarase ás familias dos solicitantes, non existindo com-

promiso nin responsabilidade algunha por parte do Concello de Friol de garantir a realización do presente Servizo.

O alcalde de Friol, Jose Ángel Santos, di que “dende o Equipo de Goberno apostamos por impulsar este tipo de servizos, que xunto co Punto de Atención á Infancia, conseguen que as familias teñan un pouco máis fácil poder conciliar a vida familiar e laboral”, “tamén queremos agradecerlle, ao novo director do centro escolar, Felipe Barata, todas as facilidades aportadas ao Concello para que este servizo poida levarse a cabo”, engade o rexedor.

A Deputación allea 34 parcelas no polígono

A Xunta de Goberno da Deputación deulle o visto bo ao procedemento para o alleamento dun total de 47 parcelas dos polígonos industriais de Friol e de Baleira, parques que, extinguida Suplusa, xestionan agora a Deputación.

En Friol sácanse á venda 34 parcelas, cunha extensión total de case 65.000 metros cadrados, e en Baleira, son 13 parcelas, que suman máis de 20.000 metros cadrados en total. A venda das parcelas farase a través dun procedemento de concorrencia pública mediante a celebración dunha poxa.

O mes pasado aprobouse outro procedemento para a venda de 44 parcelas no parque empresarial de Castroverde e de 11 parcelas no de Chantada. “Desta forma, seguimos contribuíndo ao desenvolvemento do tecido produtivo da provincia a través da implantación de actividades económicas nestes concellos”, subliñou Tomé Roca.

Friol súmase ás escolas de música de Rábade, Begonte e Outeiro

O Concello de Friol aposta pola formación musical para os seus veciños e veciñas, e decide unirse aos concellos de Rábade, Begonte e Outeiro de Rei, para formar parte das Escolas Mancomunadas de estes catro concellos.

Esta Escola de Música conta actualmente con 278 alumnos e 23 profesores. Resulta salientable a singularidade de un modelo inédito en este ámbito, xuntando esforzos de distintas administracións locais. Fixeron un intenso traballo, apoiado na forte convicción dos principais axentes coordinados, Áreas de Cultura dos diferentes concellos, os de Rábade, Begonte, Outeiro de Rei, e agora Friol, profesorado, familias de alumnos e veciños, a través da Asociación “Músico Crisanto”.

Xurdiron agrupacións de moi diversos estilos: Murajazz Big Band, Young Murajazz Big Band, Grupo de Pandeirotas e Voz Tradicional, Tirapadiante Grupo Tradicional, Banda de Gaitas Sons da Chaira, Coro da Asoc. Músico Crisanto, Banda Infantil da Escola e Banda “Sons e Soños”.

Gracias a esta adhesión, as persoas empadroadas en Friol e que teñan ganas de formarse musicalmente, terano algo máis fácil, xa que os mestres e mestras que forman parte de estas Escolas Mancomunadas, poderán impartir as súas clases no municipio de Friol. Esta formación impartirase dende o 1 de outubro ata o 31 de maio, que será a duración de este curso 2021-2022.

O Concello de Friol conta con

varios locais nos que se poderán levar a cabo as clases musicais: a aula formativa do Centro Colaborativo, o Centro Sociocultural, e tamén, en colaboración co centro escolar, no recinto do C.P.I. Doutor López Suárez.

As persoas interesadas poderán inscribirse a partir do 6 de setembro, preferentemente por internet, a través do formulario dispoñible na páxina web www.musicocrisanto.com. Tamén pode realizarse esta inscrición contactando coa administración Asociación Músico Crisanto no teléfono 678 800 245 ou presencialmente no Concello de Friol en horario de 9h ata as 15h. Toda a información e as tarifas correspondentes aparecen reflexadas na páxina web da Asociación.

Cancela a Feira do Gando Vacún deste ano 2021

Dende o equipo de goberno de Friol informaron da cancelación da Feira do Gando Vacún deste ano 2021, así o comunicou o alcalde, José Ángel Santos “vendo a actual situación sanitaria que atravesamos a Comunidade, o Concello de Friol lamenta ter que comunicar a cancelación da que sería a 10ª Edición da Feira”.

“Valorando os acontecementos que se están a suceder e o nivel de contaxios que se están producindo nas últimas semanas en toda a Comunidade, o Concello de Friol decidiu, por seguridade sanitaria da poboación de Friol principalmente, e por suposto por seguridade dos centos de persoas que se poderían xuntar na súa afamada Feira do Gando Vacún, que estaba sendo un referente en este sector, que o mellor sería pospoñer, por segundo ano consecutivo, a celebración da citada Feira”, informou o rexedor.

castro de rei

Piden a investigación da morte dun traballador de Surexport

Poucos días despois da concentración de traballadores ante a empresa Surexport polas prácticas laborais da empresa, CC.OO. de Industria presentou unha demanda para que se investigue a morte dun temporeiro que tivo lugar o pasado venres en Castro. O sindicato estuda que este se considere un accidente laboral. O temporeiro, de 25 anos e procedente de Rumaría, faleceu no hostel habilitado como residencia habitual e, segundo explican, tiña unha enfermidade crónica.

Dende CC.OO afirman que o traballador sufrira xa algún episodio “que non estaba contemplado na avaliación de riscos da empresa”. “Imos presentar demanda para que se investigue tanto a avaliación de riscos, planificación dos mesmos, medidas correctoras contempladas e de existir infraccións en materia de seguridade, que se condene á empresa”, din e tamén ofrecen asesoramento legal á familia.

SINDICATO LABREGO GALEGO. Pola súa banda, o Sindicato Labrego Galego pide tamén explicacións sobre este falecemento e alega que traballadores da cooperativa relataron “varias xornadas continuadas de até 14 horas ao día con altas temperaturas, case sen auga para hidratarse, sen descanso e baixo comentarios humillantes”.

Afirman que xa pasaron varios días deste gravísimo suceso, “e nin dende a empresa nin dende a Consellaría



Manifestación en Castro de Rei

de Emprego e Igualdade, Inspección ou Ministerio de Traballo se está a proporcionar información que esclareza o acontecido”. Consideran que “existe a posibilidade de que este rapaz morrera por explotación laboral”.

Afirman que as persoas que traballan para Suresport en Galicia denuncian “xornadas de ata máis de 12 horas, irregularidades no cobro das nóminas, salario inferior ao estipulado por convenio, incumprimento das condicións hixiénico-sanitarias nas instalacións da empresa, represalias e control sindical... Mentras tanto, os beneficios de Surexport ascenderon até os 6,6 millóns de euros no ano 2019”.

Engaden que Surexport foi sinalada recentemente a través dunha investigación xurídica e xornalística, presentada ao Ministerio de Traballo, “na que se reportaron deficiencias nas investigacións aplicadas pola Ins-

pección de Traballo e Seguridade Social de Huelva a esta empresa. Onte soubemos que o actual director dos departamentos de Recursos Humanos e Desenvolvemento Estratéxico en Surexport, Jesús Calvo, foi Inspector de Traballo e Seguridade Social precisamente en Huelva entre 1994 e agosto do 2018 -mes no que se pasou á empresa-“.

XUNTA. A deputada do BNG por Lugo, Carme Aira, esixe explicacións á Xunta de Galiza sobre a situación laboral e sanitaria dos empregados da empresa andaluza Surexport que desenvolve a súa actividade en Begonte e Castro de Rei coa produción e venda de froitos vermellos.

A deputada Carme Aira declarou que “desde o BNG esiximos ao goberno da Xunta a que se dispoña a utilizar os mecanismos que posúe para controlar e vixiar o que está pasando nesta empresa en Begonte e Castro”.

Castro de Rei entra por primeira vez no reparto de fondos das ARIS



Vista do centro histórico de Castro de Rei

Por primeira vez Castro de Rei e Guitiriz entran no reparto de fondos destinados a financiar distintos tipos de actuacións de recuperación e urbanización nas áreas de rehabilitación integral (ARI).

Así, disporán de 151.000 euros cada un para financiar as primeiras actuacións dentro do ámbito das súas novas ARIS. Estes fondos poderán destinarse á concesión de axudas aos propietarios de vivendas e de edificios a rehabilitar así como ao propio concello. No caso de Guitiriz, cómpre lembrar que desde finais do ano 2020 conta coa Área de rehabilitación integral do Buriz e Os Vilares, mentres que a primeira e única ARI de Castro de Rei foi declarada o pasado mes de febreiro. Ambos concellos solicita-

ron financiamento con cargo á anualidade 2021 e finalmente foron incluídos no reparto, de xeito que recibirán 151.000 euros cada un para poder empezar a intervir nestas zonas.

Unha vez aprobado o ARI, ten que ser dotado de fondos por parte do Ministerio de Fomento e da Xunta de Galicia para que os veciños e veciñas poidan optar a unha serie de axudas para a rehabilitación das vivendas nas que residan. Isto ocorrerá previsiblemente ao longo do ano 2021.

As obras subvencionables poderán ser: reparación de fachadas e cubertas, mellora de salubridade, mellora de illamento, mellora de accesibilidade, mellora enerxética, cambio de ventás e eliminación de radón.

Espérase que 80 proxectos de I+D se desenvolvan no polo aeroespacial de Rozas

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicou a licitación pública para seleccionar entre catro e oito socios estratéxicos e tecnolóxicos para o Polo Aeroespacial de Galicia, a primeira das 30 actuacións previstas na Estratexia 2021-2025 da iniciativa. Cun orzamento de 40ME€, o prazo de recepción de solicitudes para participar na fase previa deste proceso estará aberto ata o 10 de setembro e os interesados poden consultar o documento que regula as condicións da convocatoria na páxina web www.civiluavsinitiative.com.

As empresas que desexen participar no proceso deben cumprir varios requisitos e presentar ata

un máximo de vinte servizos ou proxectos de I+D+i realizados nos últimos cinco anos.

Esta licitación ten por obxectivo xerar resultados como a sinatura de acordos de asociación con entre 4 e 8 empresas tractoras, desenvolver 80 proxectos de I+D, construír novos hangares no Parque Tecnolóxico e Industrial de Rozas e acadar un efecto tractor sobre 80 pemes galegas, multiplicando así a capacidade tecnolóxica de Galicia.

Esta licitación abre grandes oportunidades para as empresas e centros de coñecemento galegos que xa teñen participado en proxectos do Polo Aeroespacial de Galicia.

Ponte de Outeiro terá unhas festas diferentes

A comisión de festas de Ponte de Outeiro, en Castro de Rei, ten previsto celebrar entre o 10 e o 12 de setembro as súas festas patronais, cun contido moi diferente ao habitual, condicionado pola covid.

Así, as festas darán comezo o venres 10, ás 20.00 horas, coa actuación de Andrea Méndez en concerto. Será no campo da festa.

Ao día seguinte, ás 19.00 horas, abrirá unha mostra de imaxes do pobo que foron recollidas durante estes días previos entre todos os veciños. A mostra estará situado no campo da festa e será previa ao concerto que terá lugar ás 20.00 horas a cargo de Quinteto 555. As dúas citas serán tamén no campo da festa da parroquia.



O domingo haberá misa solemne con música en directo a partir das 13.00 horas para continuar con pasarrúas con gaiteiros.

Este programa, no que se cumprirá con todas as medidas de seguridade sanitaria, está deseñado para evitar a propagación do virus.

rábade

O festival itinerante Todos os camiños estará en Rábade

O festival itinerante, Todos os camiños, promove o turismo e a promoción do Camiño de Santiago como destino cultural por medio de concertos de distintos artistas galegos comezou en Lugo o domingo 29 de agosto.

Este evento será na praza de España de Rábade o 24 de setembro ás 21.00 horas e poderase desfrutar do concerto de Iria Estévez, Artur Caldeira e Daniel Paredes. Estévez é unha das máximas expoñentes no Fado, invitada habitual en Braga, Oporto e Lisboa dentro das xornadas de intercambio galaico-protuguesas, Festival Convergencias e outros.

Tres concellos reciben unha axuda de apoio á reserva da biosfera



Un dos puntos de protección ambiental

Tres concellos da zona centro de Lugo, Outeiro de Rei, Castroverde e Guntín recibirán axudas como apoio nas tarefas de conservación, recuperación e rehabilitación do patrimonio natural e cultural e á sensibilización ecolóxica na súa reserva da biosfera Terras do Miño.

O Diario Oficial de Galicia publicou a resolución cos resultados da terceira convocatoria deste programa de axudas, a de 2021, que no conxunto das seis reservas declaradas na Comunidade se resume na concesión de 27 axudas a outros tantos concellos, por un importe de case 600.000 euros.

Un total de 13 deses municipios teñen parte do seu territorio nunha

das tres reservas da biosfera lucenses e beneficiaranse dunha subvención para enriquecer as condicións medioambientais e paisaxísticas. Un total de seis dos municipios que conforman a reserva Terras do Miño recibirán outras tantas subvencións, cun importe global de 125.127 euros. Os beneficiarios son, Castroverde, Outeiro de Rei e Guntín.

No primeiro caso recibirá 20.288,73 euros para a mellora da diversidade florística na Veiga do Olmo. En Outeiro, a contía, 8.333,33 euros irá para actuacións de mellora na ruta Miradoiro da Terra Chá. Guntín recibirá 26.734,56 euros para o acondicionamento da ruta do Miño.

Unha charla sobre a nova tarifa eléctrica aterra en Outeiro de Rei

O Instituto Galego do Consumo e da Competencia (IGCC) ten programadas charlas para informar sobre a nova tarifa eléctrica. Estará o 22 de setembro en Outeiro de Rei.

Esta campaña ten por obxecto facilitar aos consumidores a información necesaria para aforrar na factura da luz tendo en conta os tres períodos horarios que contempla a nova tarifa implantada polo Goberno central –val, chairo e punta–, así como resolver dúbidas relacionadas, por exemplo, coa contratación de potencia ou o novo recibo da luz.

Neste sentido, lamentouse que a previsión de abaratar o recibo doméstico nun 4,8%, quedara nun 2,5% tras o acordo do Consello de



Ministros, e instou ao executivo do Estado a asumir as súas responsabilidades, atopar solucións e escoitar ás comunidades autónomas.

Dentro desta campaña informativa, o Instituto Galego de Consumo e da Competencia traballa tamén en novos contidos dixitais e interactivos na súa web, onde xa se pode atopar

información referida á nova tarifa, e creárase tamén un apartado de preguntas e respostas, así como consellos e boas prácticas para axustar a factura.

Todos aqueles que precisen máis información, poden acudir a calquera oficina que o IGCC ten repartidas polas sete grandes cidades de Galicia, ou ben chamar ao teléfono gratuito 900 23 11 23, operativo de 9 a 14 horas de luns a venres. Ademais, contan tamén cun correo electrónico no que trasladar as súas dúbidas ao organismo, así como un asistente de reclamacións. Pódese obter máis información e consellos prácticos tamén na web do Instituto Enerxético de Galicia (Inega).

Convocado un curso de cosmética orgánica e un de emprendemento

O Concello de Outeiro de Rei en colaboración coa Deputación de Lugo e Terras do Miño pon en marcha un Curso de cosmética orgánica e artesanal. É presencial e de carácter gratuito.

O curso terá lugar o sábado día 11 de setembro en horario de mañá de 10:00h. a 14:00 horas no Centro Cultural de Outeiro de Rei.

O prazo de inscrición permanece-

cerá aberto ata o mércores 8 de setembro ou ata cubrir prazas, 12 en total, tendo sempre preferencia as persoas empadroadas neste municipio con respecto ás de fóra.

Pódese acadar máis información no teléfono 982 39 34 08 ou nas oficinas da casa da cultura.

GDR. O centro sociocultural de

Outeiro de Rei acolle do 27 de setembro ao 1 de outubro un curso sobre emprendemento no rural. Será en horario de mañá de 10.00 a 14.00 horas e para participar será necesaria a previa inscrición na páxina web do GDR.

Este curso está organizado polo GDR Comarca de Lugo e para mais información haberá que chamar ao teléfono 630 770 112.

Implantan un novo dispositivo de asistencia no Camiño

Dous axentes da Policía Autonómica en Lugo transitan en moto polas rutas do Camiño de Santiago, en coordinación cun coche de apoio nas inmediacións por se fora preciso realizar un traslado ou calquera outra intervención. Así pois, realízase este novo servizo para prestar asistencia no Camiño en caso de que fose preciso.

Desta maneira, mantívose un encontro co inspector xefe da Policía Autonómica en Lugo, Javier Amigo, e os policías de servizo en San Román da Retorta (Guntín) para coñecer a impresión destas primeiras xornadas.

Os axentes informan aos peregrinos sobre medidas básicas de

seguridade e controlan o bo estado do Camiño e dos seus elementos, contribuíndo á prevención de delitos, pequenos furtos ou condutas como a alteración da sinalización, obras ou instalacións irregulares.

MESES DE VERÁN. O operativo permanecerá activo cando menos durante os meses de verán, coa posibilidade de ampliálo na medida en que o aconselle a afluencia de peregrinos. Estes días están a incidir especialmente nas etapas do Camiño Francés porque rexistra o maior volume de camiñantes, pero actuarán tamén no Primitivo, o Norte e o de Inverno.

Destinan máis de 100.000 euros a obras de mellora en varias infraestruturas rurais

Consignados máis de 100.000 euros para a mellora de infraestruturas rurais no Concello de Guntín, dirixidos á necesidade de arranxar os camiños municipais que dan acceso a parcelas agrícolas, tendo en conta o importante número de explotacións cos que conta a localidade –principalmente de vacún de leite e avícolas– e o tipo de maquinaria que soen empregar.

O Concello de Guntín ten asignados 66.189 euros no seo do Plan Marco 2021-2022, que ten como

obxectivo o acondicionamento das vías que dan acceso aos predios agrarios para facilitar a accesibilidade e vertebración do territorio dinamizando o tecido produtivo e contribuíndo á mellora da capacidade organizativa destas áreas rurais.

A este investimento súmanse os 40.000 euros concedidos ao Concello de Guntín para arranxar o firme da estrada de acceso de Francos a Navallos, no marco do Plan de Infraestruturas Rurais (PIR) 2020. Unhas obras que veñen de executarse.

O Concello recibe unha subvención para embelecer os seus bens

O Concello de Guntín vén de recibir unha subvención por importe de 10.948,31 euros para levar a cabo o proxecto denominado *Actuación de mellora paisaxística e de embelecemento de bens e recursos que se atopan no Camiño ao seu paso por Santa Cruz da Retorta*.

Este proxecto, cuxo orzamento total ascende á cantidade de 14.992,60 euros con iva incluído, foi concedido pola Axencia de Turismo de Galicia, dependentes da Xunta, e contará con distintas actuacións repartidas por diferentes puntos do termo municipal.

Acondicionado o poboado da Idade de Ferro de Castromaior

Remataron os traballos de acondicionamento do poboado fortificado da Idade de Ferro de Castromaior, en Portomarín, que consistiron na súa limpeza e consolidación. Para dar a coñecer o resultado organizouse unha xornada de portas abertas contou con varios arqueólogos que formaron parte da campaña.

O castro está datado entre os séculos V a.C e I d.C., e destaca pola súa gran extensión -ao ocupar máis de cinco hectáreas ao carón do Camiño Francés- e pola súa complexidade estrutural, con presenza de ata seis recintos delimitados por murallas e fosos, ademais de varios socalcos exteriores asociados, que dotan a todo o conxunto dunha gran monumentalidade.

CONSOLIDACIÓN DE MUROS E RÚAS. Durante estes dous últi-



Poboado de Castromaior

mos anos realizáronse traballos de documentación e diagnose que permitiron a roza e limpeza manual da zona escavada e de toda a croa do castro de Castromaior para conseguir unha boa visión de toda a zona arqueolóxica.

Tamén se realizaron traballos de conservación e consolidación das estruturas arqueolóxicas como muros, pavimentos, fogares ou rúas, así como na muralla e na entrada principal, nunha superficie total de 800 metros cadrados.

Portomarín reforza a súa promoción turística

O obradoiro de emprego Camiño de Santiago I contribúe a reforzar a promoción turística dos concellos participantes, Palas de Rei, Monterroso e Portomarín, coa elaboración ou actualización de guías informativas acerca dos principais recursos de cada municipio.

Esta función realízase en Portomarín e destacou a importancia de “ordenar a información turística e presentala de forma útil, accesible en diversos formatos e con todos os datos de interese para que resulte fácil moverse polo territorio”. Así pois, gabouse o acerto do obradoiro de “reforzar a atención ao visitante e impulsar o embelecemento dos espazos públicos para aproveitar ao máximo este Xacobeo bianual”. Neste sentido, lembrouse que tamén traballaron no acondicionamento dunha decena de zonas verdes e xardíns nos tres municipios.

A Consellería de Emprego e Igualdade inviste 353.000 euros nesta iniciativa, que rematará a mediados de setembro e entra na súa recta final coa gran maioría dos proxectos concluídos. Tras superar o período de aprendizaxe teórica e práctica, os 20 alumnos traballadores recibirán o certificado de profesionalidade oficial que os acredita para exercer o oficio en calquera parte do Estado.

O PSOE denuncia o mal estado da piscina infantil



Estado da piscina infantil

Os socialistas de Portomarín denunciaron hoxe o “deplorable estado de abandono” no que se atopa a piscina infantil do Concello. “A través das imaxes que amosamos calquera cidadán poderá comprobar que as augas presentan un color insalubre con verdin, e que non compren cos requisitos mínimos, tanto hixiénicos como sanitarios, para poder ser utilizadas”, denunciou a voceira socialista, Silvia Rodríguez.

Así as cousas lamenta que o alcalde e o tenente de alcalde, que cobran un soldo a fin de mes das arcas municipais, estean mais preocupados en saír nas fotos nos medios de comunicación, que en solventar os problemas dos veciños. “Outro ano máis temos que criticar a nefasta

xestión do alcalde en relación a utilización das piscinas municipais, xa que en anos pasados vivimos episodios moi semellantes”, replicou. Silvia Rodríguez lembrou que o Concello concedeu ao Club Fluvial de Lugo a xestión da piscina municipal durante os meses de xullo e agosto, “polo tanto o alcalde terá que esixir explicacións sobre esta xestión a esta entidade”, dixo. Ademais lembrou que nestes intres a piscina infantil continua aberta ao público, “polo tanto esiximos ao Concello que tome xa cartas no asunto, xa que é a piscina que utilizan os nenos e nenas da nosa vila e pode converterse nun foco de infección moi perigoso, máxime nunha situación de pandemia como a que estamos vivindo”, advertiu.

Licitadas as obras do Ceip Virxe da Luz

Vanse licitar as obras de rehabilitación integral do CEIP Plurilingüe Virxe da Luz, ás que se destinan un orzamento de 1.036.502 euros.

O director do centro informou do inicio do procedemento de contratación dos traballos, que contarán cun prazo de execución de cinco meses desde que se formalice o contrato coa empresa que resulte adxudicataria. As firmas interesadas poden presentar ofertas ata o día 17 de setembro.

Boa parte das actuacións proxectadas van orientadas a mellorar a eficiencia enerxética, mediante a substitución da cuberta existente por panel de dobre chapa de aceiro con illante intermedio; a instalación de sistema de illamento térmico polo exterior con sistema SATE nas fachadas; o cambio da carpintería exterior por outra de aluminio con rotura de ponte térmica e vidro dobre baixo emisivo;

así como a colocación de novas persianas de aluminio con illante térmico. Tamén se mudarán as luminarias por equipos de alta eficiencia enerxética tipo LED.

Así mesmo, realizarase o recalce de cimentación nas partes do edificio principal nas que se aprecie que é necesario; executarase unha nova soleira elevada na planta baixa; renovarase aseos e abrillantarase o pavimento de terrazo. Tamén destaca a reparación e pintado de paramentos, ademais do acondicionamento das escadas de acceso á planta baixa.

Ademais, no ximnasio procederase á reparación de paramentos, a renovación do zócalo interior e a substitución da porta de acceso. No pavillón levaranse a cabo tarefas de mantemento e limpeza de canlóns e baixantes e incrementarase a altura da varanda existente para evitar riscos de caídas



Imaxe do baixo nivel do río ao seu paso por Portomarín

Expedientan á CHMS polo baleirado de Belesar

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda abriu expediente sancionador contra a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS) “pola súa responsabilidade no baleirado dalgúns dos encoros hidroeléctricos máis importantes desta conca”. Como contestación, o organismo rexeita responsabilidades e acusa o Goberno galego de “mentir”, ademais de remitirse a comunicacións realizadas á administración galega.

A Consellería de Medio Ambiente, como organismo competente en materia de protección da riqueza piscícola en Galicia, adopta esta decisión ante a constatación de que a CHMS —máxima autoridade respecto ás actuacións hidráulicas que se executan na conca do Miño-

Sil— “obviou a súa responsabilidade ao non trasladar á Consellería a petición da autorización necesaria para protexer á poboación ictícola ante un posible baleirado”.

Afirman que o organismo titular dos embalses e das concesións hidroeléctricas nesta conca non notificou formalmente en ningún momento á Xunta, “a pesar de estar legalmente obrigada a facelo, a intención das empresas de proceder ao baleirado dalgúns dos encoros que xestionan”.

“Estas comunicacións do descenso superior ao 80% de volume en Cenza e As Portas producíronse o 10 de xuño e o 12 de xullo, respectivamente, cumprindo a normativa autonómica de pesca fluvial”, sosteñen desde a CHMS.

A igrexa parroquial acolle unha exposición de fotografías antigas

A igrexa parroquial de Castroverde acolle des acolle unha exposición de fotografía antiga co título *Castroverde: unha volta ao pasado*, resultado do concurso previo convocado pola Concellaría de Cultura e no que participaron un total de 180 fotografías.

Esta actividade ten como obxectivo principal a recuperación da memoria do municipio a través das imaxes do pasado relativas á vida social das súas xentes e do imaxinario colectivo que conforma a identidade do noso Concello, propiciando un maior coñecemento das nosas raíces comúns nun momento de profunda transformación dos modos de vida e do propio entorno.

Deste xeito, a documentación gráfica e a información reunida pasará a formar parte de un arquivo municipal sobre a memoria de Castroverde que será custodiado no propio concello con fins culturais e educativos.

A exposición (distribuída en diferentes paneis temáticos que abor-



dan temas relativos a cerimonias e costumes, espectáculos, faenas do campo, romarías tradicionais, retratos da emigración e xuntanzas veciñais ou familiares, tipos populares, patrimonio monumental, emigración, educación e diversos sucesos e curiosidades) permanecerá aberta ao público nas semanas vindeiras, tendo vontade de continuidade en anos sucesivos.

Nomeados o Fillo Adoptivo, o Predilecto e o cronista oficial

O Concello de Castroverde organizará un acto de nomeamento de Fillo Adoptivo, Fillo Predilecto e cronista oficial o 11 de setembro na praza do Concello. Este acto estará amenizado polo grupo musical Zucurrundullo.

Estas distincións non se puideron outorgar pois o acto previsto para xuño foi cancelado provisionalmente debido á imposibilidade de poder estar presente ese día un dos distinguidos.

Así, o nomeamento honorífico de Fillo Adoptivo de Castroverde recae en Manuel Varela Gorgoso, párroco de Vilabade e outras parroquias, presidente da Asociación Cultural Espalladoira e persoa consagrada á promoción de numerosas actividades culturais e labores sociais en diferentes ámbitos da vida do Concello, así como na conservación e



promoción do santuario da Nosa Señora de Vilabade (BIC) e do seu conxunto monumental.

O Fillo Predilecto será o escultor Paco Pestana, artista plástico e poeta de acreditado prestixio internacional, embaixador de Cas-

troverde nos máis diversos foros artísticos e culturais, prestixiando así a imaxe e as raíces fundamentais da súa ampla e meritoria obra evocadora das súas vivencias rurais mediante as máis innovadoras técnicas e enfoques.

Tamén distinguen co nomeamento honorífico de Cronista oficial de Castroverde a Ricardo Polín, doutor en Filoloxía e historiador, ademais de

autor de relevantes estudos e investigacións centradas na recuperación e posta ao día do pasado común e proxección pública, contribuíndo co seu labor intelectual e compromiso cultural a potenciar o imaxinario colectivo e que Castroverde se integre no Patrimonio Mundial con que a Unesco reconece ao Camiño Primitivo.

A vila súmase ao programa de autocompostaxe de Sogama

O programa de compostaxe doméstica promovido por Sogama segue gañando adeptos na provincia de Lugo, dadas as súas vantaxes ambientais, económicas e sociais. Cada vez son máis os concellos que solicitan a colaboración desta empresa pública para implantar ou ampliar a autocompostaxe da materia orgánica naquelas vivendas unifamiliares que dispoñen de terreo no que aplicar o compost resultante. Toda unha contribución á economía circular.

O Concello de Castroverde decidiu adscribirse á iniciativa de Sogama e farao, nunha primeira fase, con 25 familias. Pola súa banda, Castro de Rei ampliará o programa a 80 novas vivendas que, sumadas ás 30 que xa se incorporaron no seu momento, fan un total de 110 os fogares que participan activamente



nesta iniciativa co obxectivo de poñer en valor os residuos orgánicos en orixe e evitar o seu depósito nos contedores verdes convencionais. Esta medida posibilita que os servizos municipais reduzan a frecuencia de recollida e transporte do lixo convencional, minorando así

as emisións de CO₂ á atmosfera, á vez que aforran custos ao diminuír o importe da factura que deben pagar a Sogama. Dado que a materia orgánica representa o 42% do contido dunha bolsa de lixo tipo, a cantidade de refugallos remitida a Cerceda para o seu tratamento final, verase reducida en boa medida.

Ademais de todo isto, recupérase unha práctica que forma parte da tradición do rural galego como é a segregación da materia orgánica para alimento do gando e/ou elaboración de compost, coa particularidade de que, ao autocompostarse, evítanse os continuos desprazamentos aos contedores, pois materiais como os envases e o papel/cartón poden almacenarse na casa varios días sen risco de cheiros.

O Concello instala na casa consistorial un desfibrilador



O Concello de Pol vén de instalar na entrada da casa consistorial un desfibrilador externo semiautomático (DESA) que foi entregado pola Deputación de Lugo.

Os desfibriladores manuais comúns son aqueles que están dispoñibles en hospitais, centros de atención médica e vehículos de emerxencia. Trátase de máquinas moi eficaces pero requiren a presenza de persoal sanitario cualificado, xa que para utilizalas

adecuadamente e con seguridade é necesario un proceso de adestramento avanzado.

Con todo, os desfibriladores externos semiautomáticos ou DESA están compostos por unidades moi pequenas que son facilmente manexables. Ademais, a diferenza das anteriores, estas máquinas son moito máis sinxelas de utilizar e calquera persoa pode ser apta para usalas tras unha ou dúas sesións de formación.

Novo servizo de Madrugadores

O Concello de Castroverde e o CPI Plurilingüe do municipio prepara un servizo de madrugadores para o novo curso escolar. Con este servizo os pais poderán conciliar a súa vida laboral deixando aos fillos con persoal especializado antes da entrada ás clases.

O horario será de 7.00 a 9.35 ho-

ras durante todos os días lectivos no salón de actos do CPI de Castroverde.

Este servizo, que é gratuíto e no que poderán levar o almorzo da casa, dará comezo o xoves 9 de setembro. Para participar haberá que inscribirse nas oficinas do Concello.



Difusión dunha vila con historia

Manolo Muñiz é o presidente da Asociación de Amigos do Patrimonio e considera fundamental que se siga reivindicando o patrimonio da vila

O ano pasado, a Asociación de Amigos do Patrimonio de Castroverde celebrou o seu 15 aniversario, aínda que a celebración non se puido levar a cabo debido á situación sanitaria.

Sen embargo, aínda que xa son case 16 anos coma asociación, o seu presidente, Manolo Muñiz, recorda os inicios deste proxecto que ten sobre 20 anos. Así pois, xa polo ano 2001 ou 2002 varios membros actuais da asociación comezaron a falar de Castroverde e de visitar outros lugares “collíamos o coche e íamos por aí ata que nos demos conta de que non defendíamos o noso patrimonio”.

Entre estas persoas, xa se atopaban o filólogo e escritor Ricardo Polín, o escultor Paco Pestana e personaxes de interese sen relación con Castroverde coma Felipe Arias, director do patrimonio no bipartito e exdirector do museo de Viladonga, ou César Llana, o director do museo etnolóxico de Ribadavia.

Desta maneira, o obxectivo da asociación é divulgar e defender o patrimonio cultural da natureza artística monumental e da tradición do Concello de Castroverde, incluído todo o relacionado co Camiño Primitivo de Santiago. Así mesmo, tamén se busca facilitar o coñecemento e a cohesión entre as persoas relacionadas co Concello de Castroverde; promover accións encamiñadas a potenciar, recuperar e difundir o patrimonio nas súas manifestacións; crear vínculos con outras entidades similares -como ocorre coas Irmandades- e dinamizar o Concello dende o punto de vista cultural ofrecendo diferentes actividades que promocionen o Concello. Así pois, a pesar da historia e da evolución da asociación, Muñiz lamenta que “a xente vai sendo maior e a mágoa é que non hai incorporación de xente nova. Non digo os máis novos que están estudiando e facendo a súa vida, senón persoas

de trinta e algo ou corenta anos que puideran unirse ao proxecto e darlle continuidade”.

LUGARES DE INTERESE E PROMOCIÓN. Os lugares de interese de Castroverde, segundo Manolo Muñiz, son moitos, sen embargo, hai que nomear en primeiro lugar as vías tradicionais; o Camiño Primitivo e a Vía IX, que contan con moita antigüidade. Dentro deles, hai unha variedade importante de lugares. Con este tipo de cuestións, dende a asociación, intentan defender o patrimonio.

ROTEIROS. Dende a Asociación dan a coñecer catro roteiros que existen por Castroverde. Un deles pasa por Soutomerille e polos seus arredores. Nel existe unha igrexa prerrománica e pódense visitar tres castros ou croas: o castro da Palloza, o de Soutomerille e o castro Peón. Este roteiro é significativo porque é o único trazo orixinario que hai do camiño primitivo. Así mesmo, Muñiz defende que a base de reivindicar este tipo de cuestións e de pór sinalizacións, a Xunta puxo por Soutomerille unha alternativa do Camiño Primitivo. Sen embargo, hai poucas persoas que o coñezan. Outro dos roteiros é o do Val do

río Tordio, que pasa por cinco parroquias e que é algo máis longo que o citado anteriormente. De feito, tamén é significativo debido ás igrexas románicas que se poden atopar, como a de Tordio e a de Espasante, así coma pombais, pazos e croas.

O terceiro roteiro pasa por dúas parroquias, Furís e Páramo e, ao igual que os anteriores, tamén é circular. Estas dúas parroquias son as que se atopan máis ao oeste de Castroverde e lindan con Baralla, Corgo e Baileira. Así pois, tamén se pode gozar nela de croas e vistas que merecen a pena.

Para rematar, o último roteiro é o que vai dende Montecubeiro a Barredo e é o único lineal. Así pois, pasa por diferentes parroquias nas que se pode contemplar vistas significativas.

CRUCEIROS. En canto aos cruceiros é algo que dende a asociación reivindicaron dende fai anos. No 2017, denunciouse a situación do cruceiro das Cabozas, que se atopaba tirado baixo unhas goteiras diante dunha casa en Montecubeiro. Recentemente, conseguíronse rehabilitar outros dous. Sen embargo, Manolo Muñiz reitera que é preciso rehabilitar algún máis e sinala, que xa se



solicitou ao Concello que os dous cruceiros que se atopan na Veiga do Olmo se volvan a levar as súas correspondentes parroquias.

IRMANDAMENTOS. Así mesmo, tamén xurdiron os irmandamentos, un encontro de asociacións que cumpriu máis de dez anos e que se celebraba anualmente -coa pandemia, estes últimos dous anos non se puido levar a cabo-. Así pois, algunha das asociacións son da costa da Coruña, de Ares, de Neda, Arcas -no Concello de Sarria ou Arumes do Corgo.

OBRAS SOBRE O PATRIMONIO. Así mesmo, Muñiz destaca as diferentes obras que publicaron os socios e que, aínda que non as publicara a asociación, son sobre Castroverde, sobre o seu patrimonio e forma parte da investigación da historia da vila. Entre elas pódense mencionar Castro Verde nas crónicas de Rogelio Reigosa, El Caballero Verde e A fortaleza medieval de Castro Verde de Ricardo Polín e Rebelión nos coutos de Castroverde. Vasalos e fidalgos contra os señoríos. Séculos XV e XIX de José Luís Díaz-Castroverde Lodeiro. Ademais, hai que facer mención especial ás achegas na rede feitas polo socio de honor da asociación, Xosé M^a Gómez Vilabella; que foi o primeiro en publicar textos sobre Castroverde.

PROXECTOS DE FUTURO. O proxecto que se vai levar a cabo de maneira máis inminente é o acto de distincións honoríficas de Castroverde.

Dende a Asociación insistíuse, dende hai máis de dez anos, polo feito de volver a rehabilitar a figura de cronista oficial do Concello, acto que se levará a cabo este vindeiro 11 de setembro e ao que se unirán a distinción de fillo adoptivo e de fillo predilecto.

Así mesmo, os proxectos de futuro que hai en mente son a reedición de itinerarios do concello de Castroverde -xa que a que existe está desfasada e faltan algunhas cuestións- e a publicación dos cruceiros de Castroverde. Ademais, xunto a iso, Muñiz insiste en continuar a reivindicación de diferentes aspectos da vila como por exemplo a torre da Fortaleza e Soutomerille, “onde ningunha institución bota man dese patrimonio”. Na primeira, dende a asociación consideran que o Concello tería que facerse cargo dela porque “sería unha maneira de traer turismo a través dalgunha iniciativa realizada na mesma”. Sen embargo, na actualidade continúa o seu deterioro.

Ademais, Manolo Muñiz menciona outros monumentos patrimoniais como o convento de Montecubeiro ou diferentes igrexas que poden precisar a súa reparación. Sen embargo, como tamén sinala, non hai interese xa que “os representantes políticos o pouco que fan é porque estás aí detrás”. Ademais, engade o pouco interese na paisaxe, un aspecto que tamén é patrimonio e que tampouco se ten en conta “se penso como cambiou a paisaxe dende hai 20 anos en Castroverde... iso xa non ten palabras”.

Roteiro por Guitiriz

A Asociación Amigos do Patrimonio de Castroverde prepara un roteiro para o sábado 18 de setembro por Guitiriz. O punto de xuntanza será ás 9.00 horas na praza de Castroverde e seguirá ás 9.20 horas na gasoliñeira do Carqueixo para así ás 10.00 horas comezar a camiñada. Visitaranse os lugares máis significativos vinculados ao poeta Díaz Castro e tamén os Calvarios de Os Vilares e o de Buriz.

Dende a organización pregán a confirmación dá asistencia antes do día 12 de setembro no 659 523 960 ou por correo electrónico a amigos-patrimoniodecastroverde@gmail.com.

Haberá un límite de 24 prazas e terán preferencia os socios. Ademais contarán cun xantar nun lugar o máis axeitado posible. O prezo desta excursión é de 30 euros e o percorrido duns 10 quilómetros.



Un dos roteiros organizados polo colectivo



DEPORTES

Retorno do fútbol post-covid

Tras un ano a medio gas, esta tempada volverá a competición futbolística, con normas para manter a seguridade sanitaria

A irrupción do virus provocou o pasado mes de marzo de 2020 a suspensión da Liga en todas as súas categorías. Aínda que se lle deu unha saída pechando a tempada cos resultados ata a data, xa que en moitos casos faltaban poucas xornadas por disputarse, quedou unha espiña cravada en moitos equipos, con opcións e que quedaron ás portas de ascensos.

O pasado ano, tras moitos tiras e afrouxas celebrouse unha competición moi limitada e escueta. O fútbol profesional e as categorías nacionais tiveron unha competición bastante similar á de anos anteriores, aínda que tiveron que reaxustar os calendarios para evitar desprazamentos innecesarios e reducir os contactos.

Nas categorías autonómicas e provinciais o seu comezo tivo que aprazarse en varias ocasións a medida que os distintos gromos temporais provocaban un crecemento de casos no territorio. Ao final, houbo que esperar ata febreiro para dar comezo a unha liga que se centrou en poucas xornadas pero que finalmente se solventou cun novo deseño de competición en case todas as categorías, dividindo os grupos habituais en subgrupos. Aínda así, o fútbol de base fixo unha mini tempada que soubo a pouco aos xogadores pero que deu algo de normalidade á vida deportiva. Onde houbo algo de polémica foi nas categorías de sénior por debaixo de Preferente, as de fútbol afeccionado. Unha gran parte dos

equipos non quixeron xogar debido á situación de risco polo que moitos se plantaron ante a Federación para renunciar á competición, a risco de que iso lles implicase un descenso de categoría.

Finalmente, e debido a que moi poucos equipos estaban dispostos a xogar, anuláronse a Primeira, Segunda e Terceira Autonómica (que esta ano levarán o nome de Primeira, Segunda e Terceira Galicia). Os mesmos equipos que se plantaron o ano pasado este están dispostos a competir alegando que as "condicións sanitarias melloraron moito" debido á xeralización da vacinación.

A NOVA TEMPADA. A nova tempada terá modificacións sobre o habitual xa que estar divididos en subgrupos parece a mellor opción para solucionar dúas cuestións fundamentais, reducir os desprazamentos e o contacto entre equipos. Deste modo, hai unha primeira fase en cada subgrupo e despois os campións enfróntanse polo título e o resto por evitar o descenso. Precisamente o descenso será un dos grandes pesadelos desta tempada. Se nas anteriores quedaron suspendidos ao no poder facer unha competición normal, este ano, volverán estar vixentes para volver a equilibrar as competicións. Outra das normas que estarán vixentes será que non haberá cobertura de vacantes por non inscricións de equipos. O motivo desta modificación é o elevado número

de equipos nas divisións que reciben ascensos debido a que nas últimas tempadas non se produciron descensos.

FÚTBOL BASE. Todo está listo xa para o comezo do fútbol base nas categorías autonómicas. Os equipos, que xa están inscritos, competiron a pasada tempada, malia que só o fixeron durante tres meses. Este ano volverán ter subgrupos e a súa data de comezo oscilará entre a última fin de semana de setembro e a primeira de outubro.

Así en xuvenís participarán este ano, Viveiro, Ribadeo, Polvorín e Residencia no Norte e Calasancio no Sur. O Vilalbés de Liga Galega decidiu non competir este ano nesta categoría e dentro dos coruñeses estará o As Pontes. En cadete tamén estarán Viveiro, Ribadeo e Residencia, ademais de Vilalbés, Lugo B e Milagrosa, sen faltar o Calasancio no Sur. En infantil están inscritos Viveiro, Castro, Lugo e Residencia.

As ligas galegas, que contarán este ano cunha nutrida participación provincial, complétanse coas de ámbito nacional. O Lugo terá equipo nas Divisións de Honra xuvenil e cadete e en Liga Nacional, nesta última tamén estará o Vilalbés. Estas si comezarán antes. Os primeiros serán os xuvenís, que saíran ao campo a primeira fin de semana de setembro. O resto o farán a mediados de mes.

Tamén volverán as ligas provinciais

e de fútbol 8, que se están preparando pero para as que aínda queda organizarse e establecer que sistema de competición levarán a cabo. Non empezarán como mínimo ata mediados de outubro.

FÚTBOL SÉNIOR. A primeira en comezar será a Terceira, que o fará a segunda fin de semana de setembro. Co calendario listo e seguindo a dimánima de todos os anos. Participan este ano Polvorín, Viveiro e Vilalbés.

A Preferente, que xa tivo competición o curso pasado, comezará a tempada a mediados de setembro, tamén con dúas fases e divididos en subgrupos. Nesta categoría participarán Foz, Ribadeo, Santaballés, Residencia, Sarriana, Escarón e Lemos no grupo do Norte, xunto ao CD As Pontes. Todos estarán no mesmo subgrupo inicial. Nesta categoría hai 50 equipos inscritos, cubrindo a totalidade das prazas dispoñibles.

En Primeira Autonómica está todo listo tamén. Participarán este ano, tras a pausa do ano pasado, 100

equipos, un menos que na última edición celebrada e que corresponde á zona de Ourense.

Así, no grupo lugués estarán os 20 que estaban. Pol, Chantada, Monterroso, Riotorto, Outeiro de Rei, Burela, Guntín, Taboada, Xove Lago, Chantada Atlético, Folgueiro, Castro, Pastoricense, San Roque, Friol, Lourenzán, Alfoz, Pontenova, San Lázaro e Portomarín.

Todos eles xa confirmaron a súa participación e deron comezo aos adestramentos en maior ou menor medida. Para estes, a liga arrincará a mediados de outubro. Tamén estarán este ano divididos en subgrupos. O lugués, terá un subgrupo cos da zona norte e outro cos da zona sur, que nunha segunda fase xogarán uns contra os outros.

Así mesmo, haberá competición en Segunda e Terceira pero o prazo de inscrición para as categorías oficiais de Fútbol 11 conclúe o próximo 31 de agosto. De todos os xeitos, os primeiros sondeos avanzan a dispoñibilidade de todos os equipos para competir de novo este ano.

Comezan os adestramentos sénior

POLVORÍN. O Polvorín buscará este ano o ascenso que se lles escapou a pasada campaña. Para iso, optouse por conservar a gran parte da plantilla, agás xogadores como Iago Novo, Escobar, Morais e Quindimil, el porteiro Ángel e o lateral Asier, que causan baixa, ao igual que Christian que este ano xogará cedido a La Nuncia.

Álex Ortiz seguirá liderando o conxunto dende a banda e con man de ferro, cun equipo formado por Marcos Bello, Manu Miranda e Fernando Currás.

O conxunto contará con Julen Fernández baixo paus e Dani Vidal, Nico Manteiga, Carlos Torrado e Gabarre no medio, todos eles vellos coñecidos e pezas clave no xogo. Tamén seguirán Expósito, Guitián, Fidalgo, Cristian e Jesús.

A eles únense caras novas como a de Antonetti, que sobe do xuvenil, o estadounidense Julio Lasende o Álex Ramos.

Do grupo, nove xogadores adestran xa co primeiro equipo como Julen, Torrado, Luis Castro, Nico, Matías Vesprini, Dani Vidal, Fernández, Cristian e Antonetti.

RESIDENCIA. O Residencia preséntase este ano á Preferente cun novo corpo técnico que dirixe Dani Galán e ao que acompañan Antonio Gómez, Héctor, Carlos Raposo e Iñaki. Substitúe deste xeito a Álvaro Meilán, que dirixiu o primeiro equipo de club os últimos anos.

Galán apostou polo equipo saínte e renovou a unha gran parte. Así repetirán este ano no banco blaquiázul Rober, Chiqui, Javi Raposo, Adrián Rasilla, Diego, Adri, Tebi, Barrio, Renda, Sergio, López, Yeray, Kevin, Lucas, Edrosa e Arturo. Jorge Veloso, capitán en xuvenís e goleador do primeiro equipo dende hai dúas tempadas e tras ser o pichichi do equipo no ano do seu debut, estará no seu terceiro como blanquiázul ás orde de Dani Galán.

Tamén hai caras novas, así destaca a volta á Cheda de dous coñecidos, Borja Rasilla, procedente do Pol e Borja do SDC San Roque. Ademais únense Rois dende o Pol, Santi do Ribadeo e Juan Pereiro do Moaña.



Arriba xogadores novos do Residencia e abaixo, dúas renovacións do Polvorín

Dúas medallas para Adi Iglesias

A atleta proclamouse en Tokyo campioa en 100 metros e subcampioa en 400

Adi Iglesias proclamouse campioa paralímpica nos 100 metros T13 (discapacidade visual) na final dos Xogos Paralímpicos de Tokyo 2020.

A atleta lucense, orixinaria de Mali, coroouse como campioa paralímpica na final de 100 metros de atletismo substituindo á atleta ucraína Leilia Adzhemetova, que ostentaba o título desde fai cinco anos.

Adi conseguiu remontar a carreira e parar o cronómetro en 11.96, tres centésimas por diante da atleta de Acerbaixán, Lamiya Valiyeva e a estadounidense, Kym Crosby, que pechou o podio co bronce.

Posteriormente acadou tamén a medalla de prata en 400 metros na mesma competición, polo que Iglesias foi dobrete no podio.

Despois de acadar dúas pratas (100 e 200 metros) no Mundial de Dubai hai dous anos, así como a dobre coroa en 100 e 400 metros no Europeo,



A atleta lucense, entrando na liña de meta en Tokyo

Iglesias sube outro chanzo ata a cima dos Xogos Paralímpicos. A Deputación de Lugo quixo felicitar á atleta “este éxito con sabor lucense lémbrenos que mulleres como Adiaratou teñen detrás unha historia de loita por ter superado moitos obstáculos, circunstancia que a converte nunha

referente lucense, galega e mundial, considerando o ouro da atleta como a confirmación do potencial que hai no noso territorio e a grande oportunidade que temos de ensinar ás xeracións mozas o importante que é o deporte, o compromiso, o esforzo e a constancia”.

Brais Prados renova á fronte da escola de formación de adestradores de Lugo

O Cented Formación, escola oficial de técnicos deportivos de Lugo aposta pola continuidade na zona de Lugo, coa renovación de Brais Prados como delegado provincial. A isto, sumaráselle novidades, como novas instalacións e ensinos, que permitirán o crecemento de cada un dos centros.

Nacido en Outeiro de Rei, Brais posúe o Nivel 2 de Adestrador de fútbol, e é graduado en Maxisterio de educación primaria coa especialidade en educación física, e tamén Técnico Superior en TAFAD. No seu currículo deportivo figuran varios éxitos deportivos no staff do CD Castro, co que chegou a subir a Terceira División, e unha vinculación moi duradeira no CD Lugo, cultivando varios éxitos, e dirixindo particularmente a campaña pasada ao filial xuvenil, en liga nacional.

“Continúo e agardo manter o nivel de alumnado tanto en número como implicación; e se cadra, poder amplialo. Traballarei porque a delegación siga co camiño que levamos”, explica.

Ana Cernadas destaca no Campionato de natación de verán



Ana Cernadas antes do torneo

Ana Cernadas, nadadora do Club Fluvial de Lugo, triunfou no XLII Campionato de España júnior de verán. Despois de quedar campioa de España nos 100 metros costas júnior, a lucense logrou outro ouro nos 200 metros costas, unha prata nos 100 metros libres e un bronce nos 200 metros costas

absolutos. Uns resultados que a deixan sendo unha das deportistas máis destacadas na súa categoría e coarse na élite da natación española. Así mesmo, grazas ao ouro nos 100 metros costas júnior convírtese na primeira representante feminina do Club Fluvial en lograr este fito.

Volve o torneo de verán do Sagrado Corazón

A ADC Sagrado Corazón recupera unha nova edición do seu torneo para categorías de fútbol-11 despois de que na pasada campaña non se puidese disputar con motivo da pandemia.

Así, os próximos 10, 11 e 12 de setembro o club organizará o XII Torneo de Verán de fútbol base Cidade de Lugo e que se disputará nos Campos José María Rodríguez Lago nas Gándaras.

Como en anteriores edicións este torneo converterase nun dos primeiros torneos da tempada en disputarse na comunidade galega aproveitando as últimas semanas do verán e previas ás competicións oficiais das diferentes categorías. Estará dirixido para as categorías infantil, cadete e xuvenil.

Xa confirmaron a súa participación no torneo clubs como o CD Lugo, RC Villalbés, CD Castro, SDC Milagrosa, SCD Residencia, ADC Piringalla, EF Polvoreira ou



CD Ceosport Lucense, e polo seu posto o noso club ADC Sacro Corazón como equipo anfitrión. Esta edición reunirá a un total de 36 equipos, 12 por categoría, e contará coa participación de preto de 700 xogadores. O torneo desenvolverase o venres 10 a categoría cadete, o sábado 11 a xuvenil e o domingo 12 a infantil.



Compoñentes do Club Biosbardo que participou no III Trail Asaltamontes

O Biosbardo logra uns bos resultados no Trail Asaltamontes

Xunqueira de Ambía, en Ourense, acolleu o III Trail Asaltamontes, onde Iván Sangiao firmou o mellor resultado do Club Deportivo Biosbardo nesta estapa post pandemia.

O club lucense participou esta fin de semana nun evento de 27 quilómetros e 1.400 metros de desnivel positivo. Así pois, o equipo masculino cumpríu os pronósti-

cos, entrando progresivamente nos grupos destacados. O mellor resultado foi o que conseguiu Iván Sangiao, cunha 6ª posición na xeral e 2º senior, facendo unha boa carreira.

En canto á categoría feminina, Katia Senín foi a que deu a sorpresa en distancia curta -de 14 quilómetros- cun 8º posto na xeral feminina.

O CD Lugo inicia a tempada con varias incorporacións

Despois de catro partidos nesta tempada, o CD Lugo continúa sen conseguir a primeira vitoria a pesar de que as sensacións son boas, as fichaxes responden e o xogo do equipo convence. Desta maneira, leva tres empates e unha derrota nun inicio de tempada no que se sumaron poucos puntos pero que, sen embargo, se sacan aspectos positivos.

Se ben é certo que esta liga é complexa a causa da escasa diferenza de puntos que adoita existir entre os equipos, o CD Lugo precisa comezar a sumar de tres en tres para conseguir distancia dos postos de descenso nos que se atopa actualmente.

Así mesmo, hai que lembrar que o equipo lucense incorporou ata o último día de mercado novas fichaxes que aínda se teñen que

adaptar ao equipo para poder aportar o máximo posible e axudar ao equipo no que precise. A última incorporación foi o lateral Ricard Sánchez, cedido polo Granada CF. O xogador, a pesar da súa curta idade, conta cunha intensa preparación desenvolta entre FC Barcelona e Atlético de Madrid. Xunto a él, hai que mencionar tamén a recente incorporación do defensa central Álex Pérez.

Ademais, son varios os xogadores que se uniron este verán a entidade e que buscan sumar minutos e boas actuacións. Entre eles atópanse Mayoral, Alberto, Whalley, Cuéllar, Señé, Alende, Joselu, Christian Ramos e Ros que, xunto aos xogadores renovados, buscarán cumprir o obxectivo marcado para esta tempada 2021-2022.

Friol celebrará en outubro a súa primeira ruta BTT



O Club Ciclista de Friol organiza por primeira vez a súa I Ruta BTT por Friol que será o 17 de outubro. CONstará de dúas rutas, a longa de 70 km e 1.800 metros de altitude, e a curta de 40 quilómetros e 850 metros.

Terá un prezo de 25 euros cun desconto para os federados de 10 euros. Para participar haberá que inscribirse en Championchipnorte e para solicitar información no email de clubciclista-friol@gmail.com ou no teléfono 606 085 556.

As pistas de Frigsa acollerán o Galicia Head Tour de tenis



As novas pistas de Frigsa serán inauguradas coa celebración do torneo Galicia Head Tour, un circuito xuvenil organizado pola Federación Galega de Tenis, que se disputará nas categorías de Alevín, Infantil, Cadete e Junior masculino e feminino no que participarán máis de 150 deportistas, cunha alta porcentaxe de inscrición de tenistas lucenses. O torneo terá lugar os catro fins de semana de setembro, sendo esta a última proba do circuito, o reparto de premios e regalos total ascende a 12.600 euros en material deportivo.

Boas sensacións para o Breogán no inicio da pretempada na ACB

Por Adrián Fernández

Xa empezou a pretempada para o Breogán e de momento as sensacións foron positivas; dous bos resultados contra Bilbao e Obradoiro e de momento as lesións están a respectar ao persoal, algo pouco común por Lugo, a única pega, a baixa de Sakho por estar convocado pola súa selección para disputar o AfroBasket.

Por fin chegaba o primeiro partido para poder ver de novo ao Breogán, en Xixón contra Bilbao Basket, e aínda que non se puideron sacar conclusións reais xa que Bilbao chegaba con medio persoal de baixa, puidemos ver escintileos do que nos espera este ano; ao final vitoria fácil por 57-88.

O segundo partido contra Obradoiro na Copa Galicia xa era un encontro máis serio, e a pesar de que aínda é pretempada, debido á intensidade que sempre hai nos derbis contra os de Santiago, foi unha boa proba para ver o nivel do equipo e a adaptación dos novos xogadores. Ao final, 76-82 para o Breogán, que consegue a súa 13ª Copa Galicia deixando bo sabor de boca.

Cun xogo baseado no talento individual de Musa e Bell-Haynes e o tiro exterior de Kalinoski en ata-



O equipo, tras gañar a Copa Galicia

que, e a intensidade física do resto do equipo liderados polos irmáns Quintela, parece que este ano si se traballou ben para formar un persoal competitivo cun estilo definido que transmite certa ilusión á afección, que a pesar de que se vai empezar a tempada, outro ano máis, con aforo reducido, renovaron a maioría dos abonados do ano pasado.

Só queda saber que vai pasar con Arteaga, o ex de Estudiantes está en Lugo para adestrar e substituír a Sakho mentres está coa súa selección; participou bastante e con moi bo rendemento nos dous amigables e estivo tamén o 4 de setembro en Vigo contra Valencia Basket

e o 7 irá a Foz, contra Oviedo, e do 10 ao 12 no torneo EncestaRías con Obradoiro, Joventut e Unicaja. Por último, o anuncio da retirada do baloncesto do capitán Salva Arco, pero non da súa despedida pois seguirá ligado ao club como responsable da área social do mesmo.

Xa queda menos para o debut ligueiro o 18 de setembro no Pazo ante Iberostar Tenerife e como xa dixemos todo marcha ben de momento, hai que ser prudente e non nos podemos esquecer de que somos os recentemente ascendidos e a tempada é moi longa, pero as sensacións son positivas e vívese con certa ilusión de fronte ao futuro.

O Ribeira FS comeza a liga a fin de semana do 18 de setembro

O Ribeira FS comezou no día de onte os adestramentos para preparar o inicio de tempada. Despois de anunciar as renovacións e as novas fichaxes, o equipo ribeirense, que militará un ano máis na 2ª división B do fútbol sala, comezou a preparar o inicio de tempada co novo preparador físico, Javi Dovale.

Así pois, dende o club informaron que Simón, recentemente fichado polo Vilalba FS, e Samu non continuarán no sénior masculino esta tempada que entra. Sen embargo, a plantilla conta coas renovacións dos tres capitáns, David Quintela, Javier Regueiro e Francisco Álvarez, así coma a de Carlos Areñas, Ignacio González, Christian López, Carlos Toimil, Fran Monterroso, Pablo Villar, Dani Quintela e Pablo Díaz, mantendo case por completo a estrutura do ano pasado. Para completar o equipo, uníronse ao grupo tres novas fichaxes que xa comezaron a adestrar co equipo e son Jhordan Sebastian Escobar, Iker Varela e Adrián



O equipo do Ribeira FS sénior

González; os dous primeiros pertencentes ao Lugo Sala, mentras que o segundo volve a Lugo despois dunha longa tempada na liga italiana.

Así mesmo, o equipo dirixido por Arcadio Veiga ten en conta en todo momento a base do club, polo que xa comezaron a adestrar co primeiro equipo cinco xuvenís -Antón, Gabri, Raúl, Nico e Guille-, algúns deles xa chegaron a debutar o ano pasado na 2ª división B

e este ano intentarán gañarse un posto neste primeiro equipo.

A liga regular iniciarase o vindeiro 18 - 19 de setembro na casa o les Coruxo, sen embargo, os partidos oficiais comezarán antes coa Copa Galicia, na que o Ribeira FS disputará a segunda fase a fin de semana do 11-12 de setembro. Unha tempada ilusionante na que o equipo ribeirense buscará manter a categoría e conseguir o mellor posto posible na clasificación.

MAESTRO IMAN
VIDENTE AFRICANO
ALTA EXPERIENCIA
 Puede resolver todo tipo de problemas.
 Especialista de vida Amorosa,
 Recuperación de pareja,
 Impotencia Sexual, Familiares,
 Mal de Ojo, Hechizos...
SU TRABAJO ES SERIO 100% Garantizado y Rápido
651 44 11 86

COLABORACIÓN

Chairegos sen fronteiras

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Esolidarios, comprometidos, implicados, etc., etc. Serían moitos máis os adxectivos, todos eles positivos, dos que poderíamos botar man para referirmos a dúas persoas como Lara Lozano e Alberto Ferreiro, ámbolos dous con berce na Terra Chá, ela en Cospiteo e el en Outeiro de Rei. Con outras catro persoas máis, integran unha pequeniña organización non gubernamental chamada Amor sin Barreras, xurdida hai un tempo a raíz da participación en accións de voluntariado no país africano de Quenia.

Cando un le este tipo de reportaxes no xornal, veñen á mente de forma inevitable as experiencias vividas por un servidor en tempos pretéritos dentro da cooperación internacional. Aínda de moi curta

duración, a oportunidade de participar en iniciativas desenvolvidas en comunidades ubicadas en Cuba, Brasil ou Mozambique, significou un enriquecemento tanto a nivel persoal como profesional. Aqueles apenas vinte días nos que se convivía practicamente de igual a igual, en condicións similares, cos habitantes do lugar, resultaron ser unhas vacacións atípicas, totalmente opostas á semana de relax nun hotel con tódolos servizos á disposición. O impacto emocional tiña que resultar evidente, xa que se compartía espazo cos nenos, xoves e persoas adultas que eran os destinatarios das accións que se levaban a cabo. Existiu a posibilidade de coñecer de preto as carencias e a precariedade das xentes autóctonas, escoitándoas e tratando de comprender a súa propia idiosincrasia. Todas eran quen de transmitir o desacougo que lles producía ter que convivir en ambientes xeralmente moi complicados, mais tamén tiñan a



capacidade de mostrar o orgullo de pertenza ó propio entorno, de amosar os seus bailes, a súa música e a súa alegría. E por suposto, non escondían as ansias por albiscar un mellor futuro para os seus. Nos outros, habitantes do hemisferio norte, nesta Europa chea de prosperidade, pero que tamén esconde as súas miserias e incoherencias, obtemos información sobre o que acontece noutras

zonas do planeta polos medios de comunicación, mais a perspectiva cambia radicalmente no momento en que se comprobaban esas situacións in situ. É bo que non sexamos alleos ó que pasa alén do noso fogar, sen ningunha resposta ás múltiples inxustizas que se producen. Non podemos sentirnos culpables dos sufrimentos a milleiros de quilómetros da nosa casa, martirizándonos

constantemente, pero tamén nos deberíamos rebelar contra as causas que crean esas circunstancias. E temos a capacidade de facelo.

Lara e Alberto xa se atoparán en Quenia tras unha longa viaxe, no destino escollido, Turkana; alí construírán un centro de educación infantil, que non será soamente unha gardería, como ben explican, senón que levará consigo un plan educativo no que se inclúen diversos proxectos. A idea final é mellorar globalmente a comunidade na que se intervén.

Estes dous chairegos, ós que se une Carla, a filla de doce anos dun deles, son un exemplo de humanidade e empatía. Coma eles hai centos de paisanos nosos, con variada motivación, distintas ideoloxías e procedencias, en análogas misións. Non salvan o mundo, mais aportan para que, alomenos, non sexa tan malo.

¡Un gran non enche a graneira, pero ...

Falamos de accesibilidade

RECOMENDO LUGO



Fernanda Arrojo

Cando acadei á maioría de idade, o que máis desexaba era marchar de Lugo. Parecíame unha cidade gris, triste e escura.

Na actualidade, todo o contrario, véxoa coma unha cidade agradable e acolledora. Por iso, empezo unha serie de artigos, breves e sen máis pretensións que expoñer o meu punto de vista, recomendándoa para vivir e visitar por varias razóns.

Hoxe toca a accesibilidade.

Á hora de avaliar a situación actual de Lugo en termos de accesibilidade, pódese dicir que é unha cidade, en xeral, accesible. Hai algunhas zonas máis ca outras, pero podes ir dun extremo ao outro nunha cadeira motorizada.

Os puntos fortes da accesibilidade son: nas vías urbanas, as beirarrúas teñen rebaixas non superiores a dous centímetros ou a ras de chan; diversas zonas peonís; semáforos audibles e con criptogramas; edificios da Administración pública, na súa maioría, accesibles e os locais comerciais ou de hostelería de nova licenza tamén o son; e moitas prazas de aparcamento

reservadas en lugares de uso público frecuente.

E os débiles? Algúns edificios privados manteñen barreiras arquitectónicas: hai algunha comunidade de propietarios con pouca concienciación e, tamén, algúns negocios comerciais ou hostaleiros que non se reformaron e que escapan da lexislación actual ao ter unha licenza antiga.

Outro punto forte da cidade é ter un gabinete de accesibilidade municipal que controla o cumprimento da ordenanza municipal de accesibilidade, de acordo coa lei autonómica e estatal.

Tamén nesta cidade pódense realizar actividades de lecer e culturais xa que, en xeral, son accesibles, grazas ás accións reivindicativas de entidades no campo da discapacidade, e quero destacar o papel de Auxilia.

En moitas actividades organizadas polo Concello, a Deputación ... teñen en conta a accesibilidade, como por exemplo, nos concertos feitos al aire libre dispoñen unha plataforma para mellorar a visibilidade das persoas con discapacidade.

E, finalmente, o patrimonio cultu-

ral da cidade adaptouse na medida do posible, por exemplo: os museos, tanto o Provincial coma os demais; a entrada principal

da Catedral; a Muralla romana, na que se pode camiñar polo seu adarve, grazas ao ascensor, preto dos xardíns da Deputación.

ELISARDO BARCALA

Volta ao cole 2021

Imos aló!!!



Web: www.ebarcala.com
Facebook: @ebarcala



DESCUBRINDO O PATRIMONIO

Santo Tomé de Tórdea



Miriam Fernández

A igrexa parroquial de Santo Tomé de Tórdea sitúase no municipio de Castroverde, concretamente nunha ladeira do extremo norte da parroquia de Tórdea, acompañada do característico atrio e cemiterio. Aínda que a simple vista pode parecer unha pequena igrexa de aldea máis, presenta certos detalles que mostran una longa e interesante evolución construtiva que propiciou algún que outro estudo (Elías Valiña Sampedro, Jaime Delgado, Rodríguez Colmenero e I. Cabarcos) tratando de coñecer a súa historia. Nembargantes estes estudos non foron tan profusos coma o realizado en 2014 polos investigadores da USC José Carlos Sánchez-Pardo e Rebeca Blanco-Rotea, os cales publicaron en 2018 un minucioso artigo na revista Gallaecia sobre o seu traballo arqueolóxico de prospección e análise estratigráfico do edificio dentro do proxecto EMCHAHE, centrado no estudio das igrexas altomedievais galegas. En canto ás súas características actualmente a igrexa de Santo Tomé de Tórdea conta cuns 9 metros de ancho por 13 de longo, composta por unha única nave cuberta a dúas augas con remate rectangular na cabeceira, acompañada dunha sacristía pegada na súa esquina nodeste. Nas súas paredes de pedra aprécianse distintos



Á esquerda, unha imaxe do interior da igrexa e, á dereira, pegadas na pedra anexa á porta

retoques e fases de construción, unha característica apoiada polas análises estratigráficas de Sánchez e Blanco e que revelan cinco fases construtivas. A primeira fase correspondería ó período altomedieval (S.X), presente na parte inferior do alzado sur e este da cabeceira, formada por perpiaños de granito dispostos a soga e tizón nas esquinas e de tamaño e forma irregular no muro, no que atopamos unha saeteira e zócalo que sobresaen do pano do muro. A esta etapa tamén corresponderían algunhas fiadas do muro norte. A segunda fase dataría aproximadamente do século XV e a ela correspondería o muro de aparello irregular localizado na parte alta do alzado do ábside, ademais dunha celosía cuatrilobulada. A terceira fase encádrase no século XVI no marco da reforma renacentista que sufriu o edificio. A ela pertence boa parte da fachada oeste da igrexa, da nave sur e parte da nave norte, cun característico aparello mixto de perpiaño e mampostería. A fa-

chada sur inclúe unha fiestra tipo saeteira rematada nun pequeno arquiño e unha porta rematada por ménsulas lisas ó igual que o tímpano que descansa sobre elas. A fachada oeste presenta unha porta de perpiaños de gran tamaño completada por un arco de medio punto adovelado, sobre a que se localiza outra fiestra rectangular e, sobre esta, unha espadana sinxela de arco de medio punto. A cuarta etapa corresponde coas reformas realizadas entre os séculos XVI- XVII, tal e como indi-



ca o epígrafe do interior do arco triunfal que contén a data "1719". Nesta fase inclúese a construción da sacristía, fragmentos do muro este, norte, oeste e reformas nas vigas e cuberta. Por último, a quinta e última fase corresponde coas reformas contemporáneas aplicadas en boa parte do muro da fachada norte e as súas fiestras, na renovación da cuberta e os remates de muros para este fin. Non podemos pasar por alto outros detalles singulares que atopamos nesta igrexa, elementos

que reforzan esa continua evolución do edificio dende época prerrománica, como son a ménsula reaproveitada como pila de auga, unha estela discoidea a xeito de ménsula, os fragmentos de miliarios reutilizados nos muros, interior (pé de sagrario) e inmediacións e as pinturas renacentistas no interior do ábside. Nas inmediacións atopouse unha lápida funeraria do ano 790 e coñécese que a vía XIX romana pasaba ben preto. Segundo os apuntamentos de Sánchez e Blanco tamén é posible que esta igrexa se trate de "Sancto Iuliano de Tordena", propiedade do bispo Pelayo de Lugo a finais do s.X. Por tanto o que podemos afirmar é que Santo Tomé de Tórdea erguese coma unha construción de grande interese histórico e arqueolóxico e unha das poucas edificación que conserva alzados prerrománicos na zona norte de Galicia, característica que a fai merecedora de protección, conservación e fonte de futuros estudos.



Exterior da igrexa parroquial de Santo Tomé

UNIDADES LIMITADAS
¡CORRE QUE VUELAN!

¡Y muchas más ofertas...!

Amoniaco Balú 1+1

1,00€

PRECIO NORMAL ~~1,98€~~ **AHORRAS 50%**

PACK de vuelta al cole

EL PACK 1€

PRECIO NORMAL ~~5,75€~~ **AHORRAS 83%**

- 1 Regla plantilla
- 1 Tijeras zig-zag
- 1 Sacapuntas
- 3 Gomas
- 1 Subrayador
- 1 Portaminas + 2 Lápices
- 1 Escuadra + 1 cartabón
- 1 Regla semicírculo
- 12 Lápices Staedtler

Quitagrasas Balú 1+2

2,00€

PRECIO NORMAL ~~3,65€~~ **AHORRAS 46%**

Crema hidratante Begobaño 1L

1,95€

PRECIO NORMAL ~~10€~~ **AHORRAS 79%**

O LO VENDEMOS AL **MEJOR PRECIO** O NO LO TRAEMOS

¡Encuétranos en **SQRUPS LUGO!**

Av. de A Coruña, 128 Lugo

982 09 74 75 | [sqrups.lugo](#) | [sqrups.lugo](#)